

XEOGRAFÍA • 10

Carlos Valcárcel Riveiro

Departamento de filoloxía francesa

Facultade de filoloxía

Universidade de Santiago de Compostela

**DESENVOLVEMENTO URBANO E DIFUSIÓN XEOLINGÜÍSTICA:
ALGÚNS APUNTAMENTOS SOBRE O CASO GALEGO**

CONSELLO EDITOR:

Xoaquín Álvarez Corbacho,
Economía Aplicada. UC;
Manuel Antelo Suárez,
Fundamentos da Análise Económica. USC;
Juan J. Ares Fernández,
Fundamentos da Análise Económica. USC;
Xesús Leopoldo Balboa López,
Historia Contemporánea. USC;
José Manuel Beiras Torrado,
Economía Aplicada. USC;
Joam Carmona Badía,
Historia e Institucións Económicas. USC;
Luis Castañón Llamas
Economía Aplicada. USC;
Xoaquín Fernández Leiceaga,
Economía Aplicada. USC;
Lourenzo Fernández Prieto,
Historia Contemporánea. USC;
Ignacio García Jurado,
Estatística e Investigación Operativa. USC;
Mª do Carmo García Negro,
Economía Aplicada. USC;
Xesús Giraldez Rivero,
Historia e Institucións Económicas. USC;
Wenceslao González Manteiga,
Estatística e Investigación Operativa. USC;
Manuel Jordán Rodríguez,
Economía Aplicada. USC;
Rubén C. Lois González,
Xeografía. USC;
Edelmiro López Iglesias,
Economía Aplicada. USC;
José A. López Taboada,
Historia e Institucións Económicas. USC;
Alberto Meixide Vecino,
Fundamentos da Análise Económica. USC;
Emilio Pérez Touriño,
Economía Aplicada. USC;
Miguel Pousa Hernández
Economía Aplicada. USC;
Albino Prada Blanco,
Economía Aplicada. UV;

Carlos Ricoy Riego,
Fundamentos da Análise Económica. USC;
José Mª da Rocha Álvarez,
Fundamentos da Análise Económica. UV;
Xavier Rojo Sánchez,
Economía Aplicada. USC;
José Santos Solla,
Xeografía. USC;
Juan Surís Regueiro,
Economía Aplicada. UV;
Manuel Varela Lafuente,
Economía Aplicada. UV;

COORDINADORES DA EDICIÓN:

- **Área de Análise Económica**
Juan J. Ares Fernández

- **Área de Economía Aplicada**
Manuel Jordán Rodríguez

- **Área de Historia**
Lourenzo Fernández Prieto

- **Área de Xeografía**
Rubén C. Lois González,

ENTIDADES COLABORADORAS

Fundación Caixa Galicia
Consello Económico e Social de Galicia
Fundación Feiraco
Instituto de Estudos Económicos de
Galicia Pedro Barrié de la Maza

Edita: Servicio de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela
ISSN: 1138 - 2708
D.L.G.: C-1687-97

**Desenvolvemento urbano e difusión xeolingüística:
algúns apuntamentos sobre o caso galego**

Carlos Valcárcel Riveiro

¿Que é a xeolingüística?

A xeolingüística é un campo interdisciplinario, a medio camiño entre a lingüística teórica e a xeografía humana, que se ocupa do estudio do espacío lingüístico ou, de xeito máis xeral, da lingua no seu contexto xeográfico. Sen embargo, ao revisarmos a bibliografía referente ao estudio do espacío lingüístico axiña habemos ver que a denominación *xeolingüística* non se xeneraliza ata finais dos anos 1970 e que antes son maioritarias outras apelacións: *dialectoloxía rexional*, *xeografía lingüística*, *xeografía das linguas*... Cada unha destas denominacións responde a un enfoque ou a unha énfase diferente no estudio do espacío lingüístico e, sobre todo, amosa o pouco grao de unidade disciplinar que existía neste campo.

O estudio do espacío lingüístico foi abordado tanto pola lingüística como pola xeografía desde a súa consolidación no sistema das ciencias, a mediados do século XIX. Sen embargo, as escasas dinámicas interdisciplinarias da época —impedidas en boa medida polos celos das diferentes disciplinas por delimitar e defender os seus ámbitos de estudio e que se prolongaron ata ben entrada a segunda metade do século XX— non favoreceron o diálogo entre a lingüística e mais a xeografía e, xa que logo, a conformación da xeolingüística como o campo de estudio integrador que coñecemos hoxe. Por unha banda, desde a lingüística abordouse o estudio do espacío lingüístico cun interese dialectolóxico: estudar os fenómenos lingüísticos que caracterizan un espacío determinado. Por outra, a xeografía humana interesouse pola lingua ou linguas que caracterizaban comarcas, rexións ou mesmo espacios máis globais. Quer decer, que mentres a lingüística se centraba na *producción da lingua* no espacío —enfoque *microlingüístico*—, a xeografía xa se interesaba máis na *práctica da lingua* no espacío —enfoque *macrolingüístico*—. Así, intereses diferentes sobre un mesmo obxecto de estudio, o espacío lingüístico, impediron, ademais dos problemas relacionados coa consolidación das propias disciplinas, que a xeolingüística se desenvolvese de xeito integrado.

Ao non se recoñecer a xeolingüística como un só campo de estudio interdisciplinario e ao non existir a penas diálogo entre a xeografía e mais a lingüística, non se tiñan en conta as relacións existentes entre as dinámicas espaciais

microlingüísticas e macrolingüísticas. Hai que ter en conta tamén que a esta falta de diálogo axudou moito o feito de a dialectoloxía rexional non se interesar, ata avanzada a segunda metade do século XX, pola análise da variación espacial e as súas conexións con factores ou variábeis de tipo sociopolítico. Por outra banda, a xeografía humana tardou en asumir os contidos teóricos do estruturalismo, fundamentais en lingüística, ou cuestións elementais referentes aos fenómenos de variabilidade. En resumo, ata mediados dos anos 1960 temos uns traballos xeolingüísticos máis do que unha xeolingüística propiamente dita; non hai unha teoría básica común, nin sequera unha definición do concepto que constitúe o obxecto de estudio: o espacio lingüístico. Sen embargo, todos os traballos comparten, ademais dese obxecto de estudio común, un enfoque descritivo que evita a análise espacial e que implica, xa que logo, unha concepción do espacio como “contedor” ou soporte físico pasivo dos fenómenos e dos sistemas lingüísticos.

O auxe dos estudos de corte social a finais dos anos 1960, e en concreto o desenvolvemento da sociolingüística e da xeografía social, propiciaron un maior achegamento entre a lingüística e a xeografía á hora de estudiaren o espacio lingüístico. Ao tentar asumir un enfoque analítico, a dialectoloxía rexional botou man de moitos métodos e teorías da xeografía humana, así como da sociolingüística. Por outro lado, a xeografía humana, dentro dunha mesma perspectiva analítica de corte social e cultural, comezou a revisar o feito pola dialectoloxía rexional e tamén pola sociolingüística. Prodúcese, por tanto, un achegamento entre xeografía e lingüística que acaba conformando a xeolingüística como disciplina integradora de teorías e metodoloxías de distinta procedencia.

Así, a principios dos anos 1970 comézanse a estudar as relacións entre os fenómenos macro e microlingüísticos a nivel espacial, primeiro desde a lingüística e pouco despois desde a xeografía humana. É a época dos traballos de P. Trudgill e W.F. Mackey, e logo, xa nos 1980, os de C.H. Williams, Van der Merwe, R. Breton, Gimeno Hernández e G. D. MacConnell. Un dos primeiros intereses foi o de establecer métodos cuantitativos eficaces para trazar límites entre sistemas e subsistemas lingüísticos, para determinar a forza ou a capacidade de difusión no espacio dos mesmos ou para facer estimacións sobre usos lingüísticos en espacios multilingües. Xa a comezos dos anos 1980 empézanse a sentar as bases do que debe ser a xeolingüística ao se desenvolveren as liñas de traballo do decenio anterior e tendo xa en conta aspectos máis cuantitativos

como a percepción do espazo ou as actitudes lingüísticas. Ademais, profúndase no estudio da relación en termos lingüísticos entre espazo e territorio sen perder de vista as súas implicacións sobre planificación lingüística e ordenación territorial.

Deste xeito, nos anos 1980 e 90 comezan a aparecer as primeiras formulacións do que é a xeolingüística. O lingüista británico Peter Trudgill —formado no ámbito da dialectoloxía social e rexional, quer decer, no enfoque “micro” da xeolingüística e da sociolingüística— dános unha definición ao respecto na que se insiste no carácter integrador da disciplina:

“By geolinguistics we refer to a synthesis of the methods and objectives of traditional dialectology with those of secular linguistics and other forms of macrosociolinguistics, together with some input from human geography” (Trudgill, 1992:73)

As definicións procedentes da xeografía humana xa lle dan unha maior relevancia aos aspectos extralingüísticos. A definición, se cadra máis completa, do xeógrafo tamén británico C.H. Williams é un bo exemplo:

“Geolinguistics is a developing branch of human geography which reflects the increasing concern of its parent discipline with social problems, and with devising more appropriate methodologies for the analysis of time honoured questions of social investigation. Its specific concern is with the relationship between languages and their physical and human settings. This it may seek among other things to illumine the socio-spatial context of language use and language choice; to measure language distribution and variety; ‘to asses the relative practical importance, usefulness and availability’ of different languages from the economic, psychological, political and cultural standpoints of specific speech milieux; to understand variations in their basic grammatical, phonological and lexical structures and to measure and map ‘their genetic, historical and geographical affiliations and relationships’ ” (Williams, 1984:1)

Fica ás claras, pois, que a xeolingüística é xa, hoxe en día, un ámbito disciplinar compartido pola lingüística teórica e a xeografía humana que integra teorías e métodos destas dúas e de ramas como a sociolingüística, a planificación lingüística, a psicolingüística, a xeografía cultural, a xeografía social, a xeopolítica e da xeografía aplicada. Sen embargo, ningunha das definicións de xeolingüística como rama, veña da lingüística ou da xeografía, se basea no seu obxecto de estudio. Isto resulta importante se temos en conta consideracións sobre cómo delimitar disciplinas e ramas ou divisións científicas nas que a definición do obxecto de estudio resulta fundamental. Así opina a lingüista galega Milagros Fernández:

“Para lograr la delimitación individualizada de disciplinas, así como su interrelación, tenemos en cuenta los factores siguientes: a) objeto de estudio (sean hechos lingüísticos o aspectos del lenguaje), b) objetivo (sea teórico o práctico, general o particular, etc.), y c) evolución y progreso de la ciencia a lo largo de la historia, lo que repercute en la consideración del objeto de estudio y en el planteamiento de la finalidad” (Fernández, 1986:15)

Polo tanto, deberíamos comezar por definir a xeolingüística como a rama da lingüística teórica e da xeografía humana encargada de estudar o espazo lingüístico, a súa creación e as dinámicas intra e extralingüísticas que o caracterizan e/ou transforman. É, pois, unha rama que estudia a lingua no seu contexto xeográfico. Trátase fundamentalmente dun campo de finalidade teórica, quer decer, o seu obxectivo é estudar o contexto xeográfico das variedades lingüísticas. Isto non significa que a xeolingüística teña que deixar de asumir teorías da planificación lingüística ou da xeografía aplicada, ou de achegar coñecemento para o mellor desenvolvemento destes campos aplicados. Sen embargo, o papel da xeolingüística non é o de solucionar problemas ou conflitos no espazo lingüístico, ou intervir nel planificadamente —nese caso estaríamos facendo planificación lingüística ou ordenación do territorio—, senón o de fornecer achegas analíticas sobre o espazo lingüístico que poderán ser ou non tidas en conta á hora da súa ordenación ou planificación.

Actualmente, podemos distinguir no seo da xeolingüística, e en función da formación e da metodoloxía empregada pola persoa que traballe nesta rama, tres enfoques principais de estudo: a xeolingüística dialectolóxica —tamén coñecida como *dialectoloxía rexional* ou *xeografía lingüística*—, a xeolingüística social —ou *xeografía das linguas*— e a xeolingüística da percepción. Ademais destes tres enfoques xerais, tamén se poderían incluír na xeolingüística algúns estudos sobre toponimia. Aínda que moitas persoas adoitan estudar o espazo lingüístico exclusivamente desde unha destas liñas de traballo, o certo é que todas están relacionadas entre si. De feito, existen cada vez máis estudos que, situándose fundamentalmente nun dos anteditos enfoques, atenden tamén a cuestións abordadas nos outros.

Así e todo, estando xa canda vez máis considerada a xeolingüística como unha subdisciplina ou rama integradora de todas estas liñas de traballo, a colaboración entre xeografía e lingüística aínda non é todo o fluída que debería ser. De todos xeitos, cada vez son menos os e as lingüistas que non teñen en conta o traballo realizado pola xeografía humana á hora de estudiaren espazos lingüísticos. O mesmo acontece coas e cos xeógrafos que analizan as relacións entre lingua e espazo. Este achegamento

interdisciplinario, fundamental para a consolidación e desenvolvemento da xeolingüística, avanzou considerabelmente en países como o Reino Unido, Canadá e os Estados Unidos. En Galiza, e en xeral nos países de lingua románica, a xeolingüística non está aínda consolidada e a colaboración entre xeografía humana e lingüística é escasa, cando non nula.

Xerarquías urbanas, redes sociais e difusión xeolingüística

O interese polos espazos lingüísticos urbanos é recente en xeolingüística e dáse sobre todo a partir dos anos 1990 con traballos como, por exemplo, o desenvolvido por Izak Van der Merwe sobre a Cidade do Cabo. Poderíase dicir, pois, que a xeolingüística ten reparado máis nas escalas globais, nacionais ou rexionais deixando de lado a local, especialmente o ámbito urbano, aínda que xa desde os anos 1970 moitos traballos veñen falando da necesidade de estudar a complexidade das relacións que entre lingua e espacio se dan nas cidades.

Sen embargo, tanto a xeografía humana como a lingüística teñen abordado desde outras ramas a realidade urbana. De feito, boa parte dos estudos feitos desde a sociolingüística desde os seus comezos —especialmente desde a microsociolingüística ou dialectoloxía social— tratan das variedades lingüísticas urbanas, da súa estrutura variábel e da súa vitalidade, pondoas en relación con factores sociais como a idade, o sexo, o grao de instrución ou o status socioeconómico. Por outra banda, a xeografía urbana dedícase ao estudo dos espazos urbanos desde, entre outras perspectivas, un punto de vista morfolóxico, socioeconómico e perceptivo. Ambas as ramas, ademais, achegan de xeito moi directo datos e análises utilizados en proxectos de planificación lingüística, por unha banda, e de ordenación urbana, por outra. Aínda máis, moitas e moitos especialistas destas ramas colaboran activamente nestes proxectos de planificación. A xeolingüística, sen embargo, ficou relegada destas dinámicas de colaboración ao non ter emprendido de xeito decidido o estudo dos espazos lingüísticos urbanos. Así, os PXOUs —Planos Xerais de Ordenación Urbana— ou os planos de ordenamento de áreas metropolitanas a través de mancomunidades ignoran as dinámicas lingüísticas. Por outra banda, as actuacións lingüísticas feitas desde organismos planificadores non reparan nas particularidades socioespaciais que presentan os núcleos urbanos ou as transformacións que carrexan os procesos de urbanización.

Este desleixo da realidade urbana en xeolingüística é algo que vén de lonxe. Desde os seus inicios, a dialectoloxía rexional evitou estudar as falas urbanas chegando ao punto de non seren incluídas as cidades en moitos atlas lingüísticos. Isto debeuse a que os hábitats urbanos presentaban un grao de variabilidade lingüística moito maior cós rurais. Ao ser a dialectoloxía tradicional eminentemente descritiva, esta non podía incluír nos seus traballos o estudio da variación, xa que este implica unha perspectiva máis analítica relacionada ademais con cuestións sociais e mesmo políticas. A isto engádeselle o feito de a dialectoloxía rexional tradicional non atender a factores extralingüísticos. Todo isto provocou, pois, que cidades e áreas urbanas ficasen fóra do ámbito da dialectoloxía rexional e que logo fose a sociolingüística, xa relegando o factor espacial, a encargada de estudar as dinámicas lingüísticas destes espacios.

Por outra banda, a xeografía das linguas, desde a xeografía humana, tamén ignorou os núcleos urbanos. Isto debeuse a que este enfoque da xeolingüística xurdiu no seo da xeografía rexional e da cultural, onde os estudos urbanos de carácter local foron escasos ata ben entrada a segunda metade do século XX. En consecuencia, a xeografía das linguas traballou a escala mundial, nacional ou rexional arrombando a análise das dinámicas locais, especialmente as urbanas.

Así e todo, tanto na xeolingüística dialectal como na social téñense tratado de xeito xeral as dinámicas lingüísticas urbanas, iso si, sempre desde esa óptica global ou rexional e falando sempre en termos moi xerais. Aínda evitando o estudio da variación no interior das cidades, a lingüística ten reparado desde sempre no importante papel que xogan os núcleos urbanos na difusión de prácticas e producións lingüísticas. Moitos traballos teñen falado das cabeceiras de comarca, das sés eclesiásticas, dos portos, das cortes reais etc. á hora de explicar a difusión de fenómenos lingüísticos. Sen embargo, as análises a respecto desta importancia dos centros urbanos na difusión de innovacións lingüísticas foron escasas. Tendo en conta o que antes dixemos (falta de colaboración entre a lingüística e a xeografía, retraso de ambas as disciplinas en adoptar enfoques analíticos, etc.), resulta fácil explicar o porqué desta lagoa.

Un dos primeiros lingüistas en estudar polo miúdo a difusión espacial das innovacións lingüísticas¹ foi Bartoli. Baseándose principalmente no estudio do léxico e

¹ Ao falarmos aquí de innovacións lingüísticas habémonos referir tanto ás que atinxen o *corpus* (innovacións estruturais que se dan no plano da produción lingüística: pronuncias, fenómenos morfolóxicos ou sintácticos etc.) como ás referidas ao *status* (innovacións no plano das prácticas lingüísticas: utilización de unha ou varias linguas ou variedades diferentes nun determinado contexto).

da etimoloxía, Bartoli, e a escola da *Lingüística espacial* que el fundou durante os anos 1920 e 30, estableceron unha serie de leis ou regras coas que se perseguía a identificación de áreas centrais ou innovadoras e de áreas periféricas ou conservadoras. Mesmo constituíndo unha primeira e importante ferramenta analítica nun tempo no que aínda predominaban os traballos puramente descritivos, as leis da lingüística espacial resultaron en moitos casos contraditorias, sendo as excepcións numerosas e os postulados fundamente deterministas. Bartoli fundamentaba a identificación de áreas innovadoras e conservadoras na súa situación xeográfica. Aquí xa eran importantes variábeis xeográficas como o relevo e a accesibilidade: rexións chairas e ben comunicadas fronte a outras de relevo máis ou menos acusado e de baixa accesibilidade. Esta primeira sistematización de Bartoli, aínda que amplamente rebatida xa no seu tempo, non había ser superada ata os anos 1970.


O desenvolvemento da xeografía cuantitativa a partir dos anos 1950 fixo posíbel a construción de modelos analíticos en xeolingüística máis axeitados para o estudo da difusión lingüística. Dúas escolas xeográficas tiveron especial importancia na renovación da xeolingüística a este respecto. Por un lado estaba a escola sueca en Lund, con Hägerstrand e Olsson á cabeza, e, por outro, a escola inglesa de Bristol con representantes tan importantes como Peter Hagett. A elaboración da Teoría dos Lugares Centrais tampouco deixou de ser fundamental, especialmente os traballos do alemán Christaller xa durante a década dos 1930. Da segunda metade do século XX datan tamén os primeiros traballos xeolingüísticos que aplican estes novos modelos analíticos. Os máis coñecidos son os de MacKey, Callary e Trudgill, que constituíron as bases para posteriores estudos. Como era de esperar, xa que así se ainalara antes en xeografía, desde as primeiras análises constatouse que os centros urbanos e as súas interaccións xogan un papel fundamental na difusión espacial dos fenómenos lingüísticos. É máis, a difusión de innovacións lingüísticas segue a miúdo os mesmos patróns espaciais que os da difusión doutros fenómenos.

Normalmente, a natureza da difusión de fenómenos lingüísticos no espacio é expansiva². Isto significa que a innovación se espalla para outras áreas dun espacio e partindo dun foco orixinal onde é máis intenso o proceso de mudanza lingüística. Por


² Tamén existen procesos de difusión por *relocalización* no que o fenómeno muda de localización abandonando o lugar no que se encontraba. Este tipo de difusión non se dá no día de hoxe, polo menos no noso país, aínda que, como xa veremos, si é probábel que se coñecesen dinámicas semellantes en épocas anteriores.

outro lado, os modelos ou patróns das difusións lingüísticas son, como noutros casos, de dous tipos: epidémicos e xerárquicos. Aínda que se distinguen estes dous tipos, viuse adoito —e verémolo logo tamén no caso galego— que ambos os modelos se combinan. No *modelo epidémico* obsérvase unha difusión centrífuga da innovación, que parte dun foco inicial, onde se consolida, para ir atinxindo áreas veciñas. Entón, este patrón réxese por varios principios. Un deles é o coñecido *efecto de veciñanza*, relacionado directamente co *principio de gradiente*, baseado nun feito ben simple que non deixa de ser importante na difusión das linguas ou dos fenómenos lingüísticos: canto menos accesíbel sexa un punto a respecto do centro innovador, menos influencia terá naquel a innovación e máis tempo tardará esta en atinxilo.

O *modelo xerárquico* relaciónase coa xerarquía do sistema urbano dun espacio. Aquí son importantes factores como o tamaño das cidades e da súa área de influencia ou a función que desenvolven e a posición que ocupan dentro do sistema urbano no que se insiren. Segundo este modelo, a innovación que xorde nunha cidade esténdese para outra do mesmo nivel na xerarquía urbana. Cando xa a innovación ten atinxidos todos ou a maioría dos núcleos dese nivel, esta salta para os centros urbanos ou asentamentos de nivel inferior. Así, a difusión dunha innovación xurdida nun asentamento vai depender en gran medida da posición e función que este teña no sistema urbano do que fai parte.



Como xa dixemos, ambos os modelos, epidémico e xerárquico, adoitan combinarse seguindo unha serie de fases na maioría dos casos observados. Durante unha *fase inicial* xorde a innovación nun centro urbano —normalmente á cabeza da xerarquía de asentamentos humanos do espacio en cuestión—, establecéndose un forte contraste entre este e as áreas veciñas. A isto séguelle unha *fase de difusión* na que se dá unha aceleración do proceso. A innovación salta para outros centros urbanos do mesmo nivel, ou xa para algúns inferiores. Ao mesmo tempo, a innovación atinxe as áreas veciñas do foco de innovación inicial. Isto leva a unha *fase de condensación* na que os ritmos de adopción e expansión da innovación son case idénticos no foco inicial e nos outros núcleos urbanos atinxidos. Quer decer, a innovación xeneralízase nestes centros e asemade atinxe as áreas circundantes. Finalmente chégase a unha *fase de saturación* na que se dá unha ralentización do proceso ou mesmo a súa detención. De representarmos nunha gráfica o ritmo de difusión dunha innovación no espacio seguindo os devanditos patróns obteremos a famosa *curva en “s”*.



O ritmo de difusión de *curva en “s”* non só se observou no plano espacial da variación lingüística, senón tamén no plano social. Isto axúdanos a comprender mellor cómo xorden e se consolidan as innovacións nos focos da súa difusión. A sociolingüística, a rama tamén interdisciplinaria que se ocupa de estudar a lingua no seu contexto social, tense ocupado polo miúdo da cuestión da difusión social das innovacións lingüísticas. Así, os estudos ao respecto constatan que a difusión sociolingüística, ao igual do que a xeolingüística, non é uniforme, senón que comporta diferentes ritmos, momentos ou fases. Neste caso, no canto de falarmos de centros ou

focos difusores ou innovadores, deberemos ter en conta os sectores sociais innovadores ou, polo menos, uns grupos sociais máis *propensos* a adoptar e difundir as innovacións lingüísticas. Estes sectores ou segmentos da cidadanía dun núcleo urbano serán os que no interior deste lideren o proceso de innovación que acabará por convertelo nun centro difusor a respecto das áreas veciñas e dos núcleos urbanos similares ou máis pequenos.

A este respecto, os estudos de sociolingüística teñen sinalado as mulleres e a mocidade como os sectores sociais que adoitan adoptar antes, e por tanto difundir os primeiros, as innovacións lingüísticas. Evidentemente, téñense estudiado tamén casos en que isto non é así, pero a maioría dos estudos son coincidentes ao respecto. En certas situacións diglósicas^p —como a galega, por exemplo—, os sectores de maior nivel socioeconómico adoptan e difunden prácticas e producións lingüísticas innovadoras⁴ e prestixiosas, fronte a outras máis tradicionais e estigmatizadas. Con todo, noutros casos son estes sectores os que máis se resisten ás innovacións lingüísticas procedentes doutros grupos sociais.

Se para a difusión xeolingüística, e xeográfica en xeral, falabamos das xerarquías urbanas como vía de difusión, no que se refire á difusión sociolingüística son as *redes sociais* das que facemos parte as que encauzan a chegada e a difusión de innovacións. Unha persoa ben pode inserirse nunha ou varias redes sociais. No caso de facelo en varias, esta persoa adoita ser definida como *socialmente móbil*. Os estudos de socioloxía e antropoloxía sobre redes sociais estableceron dous tipos xerais: *redes pechadas* e *redes abertas*. As relacións interpersoais que caracterizan as redes sociais pechadas adoitan ser múltiples e densas. Quer decer, estas implican ao mesmo tempo diferentes tipos de relación interpersoal (familiar, de veciñanza, de amizade e de traballo). Ademais, o número de persoas inserido nunha rede pechada é limitado, e todas

³A diglosia é un termo creado en sociolingüística a finais dos anos 1950 e que se foi desenvolvendo posteriormente para definir as situacións nas que coexisten unha ou varias *falas A*, caracterizadas polo seu maior prestixio social (uso predominante na escola, administración, xulgados, etc.), e unha ou varias *falas B* relegadas a usos máis informais ou familiares. Desde a primeira formulación do termo diglosia feita por Charles A. Ferguson téñense feito varias revisións e aplicacións máis amplas do mesmo. Destas, a máis coñecida —e tamén é a concepción máis aplicada no caso galego— é a elaborada por Joshua A. Fishman. A diferenza de Ferguson, para o que a diglosia era *interna*, quer decer, que se daba entre dúas variedades dun mesmo sistema lingüístico ou lingua, Fishman manexa o concepto de diglosia *externa*, que se dá xa entre dúas linguas diferenciadas.

⁴ Especialmente, como veremos, o uso do castelán como lingua habitual. Ao falarmos aquí do uso do castelán como práctica lingüística innovadora referímonos ao feito de non ser esta unha práctica lingüística tradicional. Xa que logo, o uso de “innovación” ou “innovador” asóciase aquí ó sentido estrito destas acepcións, que é o que se lle dá habitualmente en xeolingüística, sen que isto supoña relacionalo cun xuízo de valor positivo.

elas adoitan coñecerse ben. No que se refire ás redes de tipo aberto, estas xa son máis simples e difusas xa que as relacións que se establecen son case sempre dun só tipo e o número de persoas que as integran é moito maior e máis cambiante. O coñecemento e solidariedade interpersoais son aquí limitadas.

Segundo os estudos de sociolingüística, as redes sociais de tipo pechado son moito máis homoxéneas lingüísticamente e tamén máis resistentes á difusión de innovacións do que as abertas. Nas primeiras establécense intercambios comunicativos entre persoas que posúen as mesmas competencias lingüísticas, o que cohesiona máis as relacións no plano lingüístico. Os lazos de solidariedade e os sentimentos de lealdade lingüística que se adoitan dar neste tipo de redes leva en moitos casos ao rexeitamento das innovacións ou, polo menos, á súa adopción máis lenta por parte das persoas que se insiren nelas. Nas redes abertas, onde son máis habituais os intercambios comunicativos entre persoas descoñecidas e de competencias lingüísticas diversas, adóitanse realizar prácticas e producións lingüísticas percibidas como “neutras” ou a miúdo como máis prestixiosas —de feito, aquí as relacións de poder condicionan moito máis as conversas—. A falta de cohesión e de lazos de solidariedade lingüística permite a rápida difusión de innovacións entre as persoas que socializan a través deste tipo de redes, especialmente se as innovacións son prestixiadas.

Ao falarmos de redes sociais, volvemos ver, por tanto, que os planos social e espacial se encontran interrelacionados. Así, as comunidades que constitúen redes sociais de tipo pechado ocupan en moitos casos áreas periféricas ou marxinais (núcleos rurais, cintos periurbanos etc.). Por outro lado, as redes abertas caracterizan as áreas máis centrais e desenvolvidas dentro dun territorio (rexións industrializadas, corredores de desenvolvemento) ou espazos non marxinais dentro dunha cidade (áreas residenciais da clase media, barrios de actividade comercial ou financeira etc.). Xa que logo, as redes sociais e os intercambios lingüísticos que se dan nelas teñen un contexto xeográfico propio a través do cal se difunden as innovacións lingüísticas. Desta interrelación dos planos social ou *vertical* e espacial ou *horizontal* fala o sociolingüista francés Louis-Jean Calvet ao tratar as cuestións do colonialismo lingüístico e da glotofaxia⁵:

⁵ Isto entraría no cadro das innovacións referentes ao status social dunha variedade lingüística.

“[...] a diferenciación lingüística [establécese] non xa samente de acordo á escala de clases, [...] senón tamén de acordo a unha escala xeográfica: a cidade fronte ao campo. Este cambio de dirección na extensión da lingua dominante acompáñase dun cambio superestructural importante: pásase lentamente, e sengundo os casos, do bilingüismo ao monolingüismo ou do monolingüismo ao bilingüismo. Así, as clases superiores que adquiren a lingua dominante (bilingüismo) tenden a abandonar a lingua dominada (tránsito a un novo monolingüismo), mentres que as clases inferiores das cidades que non falan máis que a lingua dominada (monolingüismo) tenden a adquirir a lingua dominante (bilingüismo). [...] temos [...] unha clase no poder monolingüe, un pobo cidadán bilingüe e un pobo camponés monolingüe, o que constitúe unha nova superestructura lingüística” (Calvet, 1993:73)

Para Calvet a difusión das novas prácticas lingüísticas pasa por diferentes fases ou estadios. Nun primeiro estadio *vertical* a innovación espállase pola xerarquía social dos centros de poder dun espacio ou territorio. Calvet (1993:73) fala de certos sectores socioeconómicos propensos a adoptar rápidamente as novas prácticas lingüísticas: as clases que detentan o poder político e económico, e tamén parte do sector servicios. Nun segundo estadio, o *horizontal*, entra en xogo o plano espacial. A difusión acelérase e xeneralízase no seu foco de partida e espállase logo polo territorio a través das xerarquías urbanas. Establécese entón unha diferenciación lingüística entre as áreas urbanizadas máis innovadoras e as áreas rurais menos accesíbeis máis conservacionistas. Temos, xa que logo, diferentes áreas lingüísticas en función do ritmo co que se vaian adoptando nelas as innovacións lingüísticas. Segundo o xeolingüista español Hernández Campoy (1999: 263-264), normalmente xorde unha *área focal* que adoita coincidir cun núcleo urbano importante, no que a adopción da innovación lingüística é xeneralizada e a partir do cal esta se difunde a áreas veciñas e a centros urbanos de igual o menor rango. Logo encontramos unha serie de *áreas de transición* cara ás que se dirixen as denominadas *cuñas da difusión*. Nestas áreas as formas ou prácticas lingüísticas antigas seguen tendo unha presenza significativa malia o progreso na adopción das innovacións por parte da poboación. Finalmente, nas *áreas remanentes* a penas chegan a ser adoptadas as innovacións ao seren aquelas en moitos casos áreas rurais de baixa ou moi baixa accesibilidade onde as redes sociais de tipo pechado determinan a socialización e os intercambios comunicativos das persoas. Visto o anterior, podemos comprender cómo os procesos de difusión de innovacións no espacio dan como resultado un *continuum de difusión xeográfica*, polo que unhas áreas sucenden a outras de xeito gradual e en función do grao de aceptación da innovación en cuestión.

Con todo, a adopción das innovacións lingüísticas e a súa difusión xeográfica van depender en todo caso dunha serie de factores que o quebequés Jean-Claude Corbeil (1990)⁶ clasifica como *dominantes*, *conxunturais* e *recesivos*. Segundo este autor, os factores dominantes son indispensábeis para que se produza a difusión ou expansión lingüística. Entre eles disitngue catro referidos ao poder ou status político, económico, científico e lingüístico das variedades lingüísticas en cuestión. A respecto dos factores conxunturais, Corbeil afirma que estes non poden asegurar de seu a expansión lingüística, pero poden favorecer e mesmo acelerala se a variedade lingüística que se difunde está asociada aos poderes político e económico e ten máis peso como lingua científica ou técnica. Por tanto, os factores conxunturais só parecen actuar cando se dan os dominantes. Corbeil identifica dous factores conxunturais: o grao de urbanización do territorio e o peso demográfico da comunidade que utiliza a lingua ou variedade en proceso de expansión. Finalmente, este autor fala dos factores recesivos, que, como os conxunturais, non producen de seu a difusión xeográfica e social dunha variedade lingüística, para iso deberán combinarse tamén cos factores dominantes. Os factores recesivos tamén son catro e refírense á utilización da variedade lingüística expansiva polas institucións relixiosas, militares, educativas e culturais locais. Polo tanto, podemos supor xa que o éxito no proceso de difusión xeográfica dunha variante ou dunha variedade lingüística vai depender da rapidez con que estas sexan adoptadas polos sectores sociais que ostentan o poder económico e político. Isto, de feito, pode xeneralizar o uso das innovacións lingüísticas ou tamén pode limitalo e frealo acantoándoo a un certo grupo social ou nunhas determinadas zonas.

O rexeitamento da innovación por parte de certas elites sociais supón xa unha primeira *barreira* para a difusión, e en xeral o desenvolvemento dun sentimento forte de lealdade lingüística na comunidade á que chega a innovación. Estas serían barreiras de tipo actitudinal ou psicolóxico. Pero, evidentemente, existen outros tipos de barreiras para a difusión. As naturais foron as primeiras en seren tidas en conta na xeografía e na lingüística. Un relevo montañoso con poucos pasos para as comunicacións, un curso fluvial importante, o seu esteiro ou unha zona brañenta extensa constituíron durante moito tempo fronteiras naturais practicamente insalvábeis. Tampouco cómpre desbotar

⁶ No seu traballo, Corbeil fala da difusión ou expansión dunha lingua nos espazos ocupados por outras variedades. Xa que logo, Corbeil fala aquí de *expansión lingüística*, quer decer, de innovacións ou cambios a respecto do status das linguas nun determinado territorio. Así e todo, estes factores son tamén importantes no que se refire ás innovacións estruturais ou do corpus.

barreiras de tipo socioeconómico. Como vimos, as producións e usos lingüísticos adoitan estar asociados a uns determinados tipos de redes sociais, que de súa vez se relacionan cunhas certas actividades económicas. O mantemento destas redes sociais e das actividades económicas nas que a miúdo se apoian ben poden supor un atranco considerábel na difusión de innovacións lingüísticas vencelladas a outros estilos de vida. Evidentemente, na explicación de por qué non se dá adoptado unha innovación nun determinado lugar podemos encontrar unha combinación de varios destes factores.

No caso galego, de feito, foi a acción conxunta de barreiras naturais e socioeconómicas a que retrasou no país o desenvolvemento do proceso de difusión do castelán paralelo á urbanización. Como veremos, foi a fonda transformación das actividades socioeconómicas tradicionais (agricultura e pesca) e das redes de tipo pechado a elas asociadas a que favoreceu a arrincada e aceleración dunha progresiva castelanización de Galiza. Comprendermos o contexto urbanizador no que se produciron estas mudanzas é, entón, imprescindible para dar cos patróns da difusión do uso do castelán no noso territorio.

A difusión xeolingüística do castelán en Galiza


O problema das fontes

A diferenza doutras rexións atlánticas europeas como Gales, Escocia ou Irlanda, en Galiza non dispomos ata finais do século XX de ningún tipo de fonte xeostatística que nos informe sobre as prácticas e competencias lingüísticas da poboación. Actualmente contamos con dúas fontes importantes que posibilitan as análises xeolingüísticas do país. Ambas as dúas refírense aos primeiros anos 1990 e foron realizadas por organismos públicos. A primeira serie de datos, obtidos polo *Instituto Galego de Estatística da Xunta de Galicia* (IGE), inclúese dentro do conxunto de volumes do censo de poboación e vivendas referente a 1991. A segunda fonte ofrece a *Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega* e trátase dunha mostra feita pouco tempo despois. Malia referírense estas dúas fontes ao mesmo período, as diferenzas entre elas son considerábeis. Unha comparación das cartografías obtidas de ambas as fontes e referentes ás porcentaxes de poboación galegofalante monolingüe evidencia as distancias ás que nos referimos aquí⁷.

⁷ Para facer máis clara a comparación, presentamos os datos do censo lingüístico do IGE de xeito porcentual e agrupándoos nas series utilizadas na cartografía correspondete publicada polo Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega.

Mapa 1

Monolingües en galego a comezos dos 1990



Elaboración propia

Aínda que a situación que nos presentan ambos os mapas é basicamente a mesma —a importante desgaleguización nas Rías Baixas e no Golfo Ártabro—, a comparación deixa ver profundas diverxencias en determinadas zonas do territorio galego. Así, por exemplo, na Mariña lucense e no eixo A Estrada-Silleda-Lalín, así como en Verín, Ribadavia ou Sarria, todos eles espazos que coñeceron un importante desenvolvemento nos últimos anos, a porcentaxe de poboación monolingüe en galego é significativamente menor no mapa elaborado a partir dos datos do IGE. O mesmo poderíamos decer das Pontes e Cariño, pero en sentido inverso. Por outro lado, as cidades do interior, Lugo e Ourense, teñen menos presenza galegofalante monolingüe no mapa do IGE do que no do Seminario. Finalmente, as diferencias a respecto do conxunto da provincia de Potevedra tamén son evidentes.

Estas diferencias débense, a noso entender, a varios factores relacionados co feito de faceren parte dun censo os datos do IGE e dunha mostraxe os do Seminario de Sociolingüística:

1. As unidades xeoestadísticas son distintas nos dous traballos. Así, mentres o traballo do IGE cobre practicamente toda a poboación galega, o do Seminario só analiza as dinámicas sociolingüísticas dunha parte representativa desta. Isto fai que o IGE ofrezca datos referentes a todos os concellos do país, tendo as seccións e os distritos censais como unidades xeoestadísticas básicas. No caso do Seminario a unidade xeoestadística de partida son os *sectores*, quer decer, agrupacións de concellos en función das súas similitudes territoriais, sociais, económicas e demográficas. Con todo, algúns sectores correspóndense cun só concello, tal e como é o caso das sete cidades do país.
2. A recolleita dos datos tamén difire nos dous casos. No traballo do IGE a poboación censada debía responder ás preguntas dun cuestionario fixo, sen preguntas de verificación, feitas por persoas non adestradas ex profeso. Nalgúns casos mesmo eran as propias persoas as que enchían un formulario coas preguntas. Pola contra, o traballo do Seminario de Sociolingüística caracterízase por un coidado proceso de depuración dos datos recollidos mediante unha *entrevista guiada* feita sempre por un entrevistador ou entrevistadora adestrado anteriormente.
3. As preguntas de ambos os cuestionarios e sobre todo os items onde se clasifican as respostas son substancialmente diferentes. Así, por exemplo, no que se refire á pregunta sobre a lingua habitual da poboación estudada, no censo do IGE esta era “¿Fala [vde.] galego?”, mentres que na sondaxe do Seminario de Sociolingüística da RAG preguntábase “¿Que lingua fala [vde.]?”. Evidentemente, as respostas non son as mesmas para cada unha destas preguntas. De feito, no censo lingüístico as opcións de resposta eran “*sempre / ás veces / nunca / non sabe, non contesta*” e na sondaxe do Seminario “*só galego / máis galego que castelán / máis castelán que galego / só castelán*”, non habendo opción a non contestar ou a non dar resposta (Fernández e Rodríguez, 1995: Apéndice 3, Cuestionario). Estas diferencias de formulación adoitan producir respostas significativamente diferentes e, por tanto, un

desfasamento de datos entre dúas fontes xeolingüísticas contemporáneas⁸.

4. A verificación e depuración dos datos foi moi distinta en ambos os traballos. Se para a sondaxe do Seminario de Sociolingüística da RAG o cuestionario foi preparado con diferentes preguntas de verificación das respostas —sobre todo das referentes á lingua inicial e habitual da poboación entrevistada—, para o censo do IGE non se contemplaron estas preguntas. Xa que logo, a verificación da coherencia das respostas é aquí bastante limitada.

Malia as evidentes diferencias, ambos os traballos coinciden de xeito xeral nos datos referentes á importante castelanización das áreas máis urbanizadas do país e en determinados centros comarcais que coñeceron un certo desenvolvemento nos últimos anos. Así, aínda que consideramos que o traballo do Seminario de Sociolingüística é con moito o máis fiable, utilizaremos os datos do censo do IGE para elaborar a cartografía xa que nos proporciona datos de todos os concellos galegos. O Seminario de Sociolingüística da RAG non publicou os datos desglosados de todos os seus sectores, só os dos máis representativos, e nin sequera os de todas as cidades do país. Os intervalos porcentuais das lexendas das cartografías só nos dan unha idea xeral da situación lingüística dos sectores. Xa que logo, e coa máxima cautela, manexaremos principalmente os datos do censo do IGE aínda que a miúdo comparados cos da RAG.

O período preindustrial: séculos XV-XVIII

Como ben sabemos, en Galiza coexisten dúas linguas desde finais do século XV⁹: o galego, a lingua endóxena e maioritaria, e mais o castelán, esóxeno e

⁸ De feito, ao compararmos os datos obtidos podemos facer unha correspondencia entre as cifras que se refiren no censo á poboación que fala *sempre* ou á que non fala *nunca* en galego coas da sondaxe do Seminario referidas a “*só galego*” e “*só castelán*”. Temos aquí representada a poboación monolingüe, tanto galegofalante como castelanfalante. Os problemas xorden ao relacionarmos as cifras correspondentes ao “*ás veces*” do censo coas de “*máis galego que castelán / máis castelán que galego*” da sondaxe. En principio estes datos fan referencia á poboación bilingüe, isto é, a que utiliza habitualmente as dúas linguas. Sen embargo, no censo non se especifica a frecuencia da utilización de cada unha delas e de certo isto puido levar a que moitas persoas habitualmente castelanfalantes, pero conservando certos usos puntuais do galego, marcasen ou respondesen “*ás veces*”. Por outro lado, moita poboación bilingüe cun uso máis habitual do galego, ante o significado eventual de “*ás veces*”, marcaron ou responderon “*sempre*”. A vaguidade da opción “*ás veces*” no censo, unida á porcentaxe de poboación que non contesta á pregunta, poderían ser unha das principais causas do desfase de datos que existe entre as principais fontes xeoestadísticas de que dispomos ata o de agora en Galiza.

introducido tras un proceso de substitución e reciclaxe lingüística das clases dominantes do país. Tradicionalmente, deuse desde aquela en Galiza unha situación de diglosia externa na que o castelán ocupou as funcións de uso social formais e prestixiosas mentres que o emprego do galego ficou relegado aos ambitos familiares e amicais. Como veremos, foi neste contexto diglósico no que se deu a difusión social e xeográfica do uso do castelán. Así e todo, a diglosia non terá un reflexo espacial inmediato; de feito, a difusión xeográfica do uso do castelán só comezará na fin deste período, no século XVIII, e non será evidente ata entrarmos no XIX.

En boa medida, o sistema de asentamentos humanos na Galiza desta época, a Idade Moderna, é unha continuación do sistema medieval. Son varios os autores que coinciden en afirmar que ata o final deste período histórico non podemos falar da existencia de verdadeiras cidades no país. O desenvolvemento do urbanismo galego é, pois, lento e a súa consolidación pasa por unha serie de altibaixos. O que temos, daquela, é unha constelación de vilas, de diferentes tamaños, moi vencelladas ao mundo rural dominante. De feito, nesa altura estas facían parte dese mundo rural e existían sobre todo en función das actividades agrarias e pesqueiras. Xa que logo, a prosperidade das aldeas era fundamental para o mantemento do benestar nas vilas. É máis, o número de persoas que se dedicaban á agricultura nos núcleos urbanos era aínda considerábel nesta época. Por outro lado, as aldeas utilizaban as vilas, amais das feiras, como centros de comercialización dos seus excedentes.

Ata o século XVIII, ningunha das vilas galegas superou os 20.000 habitantes e unha boa parte delas pasou por longos períodos de estancamento. As áreas amuralladas e de edificación densa das vilas a penas se ven rebordadas. Xa que logo, non hai crecemento urbano masivo e non se dan os fenómenos de concentración que o acompañan. Neste contexto mesmo se fai difícil falar da existencia dunha xerarquía urbana —polo menos a nivel supralocal— estruturada nuns núcleos centrais, medios e periféricos. Así, durante esta época non teremos un centro urbano rector consolidado: se no século XVI era Pontevedra a vila máis grande e importante, no XVII serao Santiago para deixarlle logo o paso a Ferrol xa no XVIII.

⁹ Na realidade, a presenza do castelán en Galiza empeza a ser xa significativa a partir da segunda metade deste século: “[...] aínda que o proceso [de introdución do castelán] teña o seu principio na segunda parte do XIV, será na segunda parte do século XV cando se desencadearán os acontecementos máis trascendentes para a transformación da realidade sociolingüística da Galiza” (Portas, 1997:63).

Este contexto urbano supuxo unha barreira —que se sumaba a outras de tipo físico, social e cultural— para a difusión xeográfica do castelán en Galiza, polo menos para a difusión de tipo xerárquico e epidémico que aínda coñecemos hoxe. A minoría castelanfalante monolingüe —nobreza, clero e funcionariado foráneos— non se encontraba dabondo concentrada nos núcleos urbanos existentes como para favorecer así o comezo da fase inicial no proceso de difusión epidémico-xerárquica. Deste xeito, esta escasa concentración por parte da minoría castelanfalante durante os séculos escuros facía que as vilas non supuxesen unha ruptura no *continuum* espacial de predominio do monolingüismo en galego. A diglosia e a difusión do uso do castelán no país aséntanse durante toda esta época nun plano estritamente social —ou vertical— e non espacial ou horizontal. Como vimos, esta é precisamente a primeira etapa do proceso de *glotofaxia* sinalada por L.-J. Calvet.

Así e todo, cidades como Santiago de Compostela —centro relixioso e cultural— e A Coruña —porto e centro administrativo— deberon coñecer durante o Antigo Réxime a aparición significativa dunha minoría castelanfalante. Pero a presión social que esta minoría exerceu foi ben diferente nas dúas cidades a xulgar polos datos actuais sobre os usos lingüísticos nelas e pola distinta relación que cada unha tiña daquela co agro circundante. Fóra de Santiago e da Coruña, a presenza dos sectores castelanfalantes era aínda insuficiente, pero a súa presión sociolingüística xa era real se temos en conta os numerosos castelanismos de todo tipo que entraron no galego durante este período. A manifestación espacial desta difusión social do castelán limitouse probabelmente a algúns procesos de tipo relocativo ao se mudaren as sedes dalgunhas institucións, os séquitos e comitivas dos bispos e da alta nobreza, etc.

Deste xeito, o período preindustrial caracterízase polo mantemento a nivel espacial da situación medieval, quer decer, do *continuum* xeolingüístico do monolingüismo en galego. A minoría castelanfalante encontrábase espallada polo territorio —basicamente nos mosteiros, nalgúns casas nobres rurais e vilegas, e nos pazos episcopais— e sempre arrodada en todo momento de galegofalantes monolingües ou bilingües que en moitos casos tiñan unhas competencias limitadas en castelán. Parece ser que a aparición do bilingüismo activo entre a poboación galega non se dá ata o século XVII. De feito, o sociolingüista Henrique Monteagudo distingue unha primeira etapa de convivencia entre castelán e galego anterior ao XVII e que marca os séculos XV e XVI:

“Durante esta etapa, se é literalmente certo que Galicia é bilingüe, na medida en que no noso país se empregan dúas linguas, non é menos certo que case non hai individuos, e desde logo non sectores sociais compactos, bilingües activos (outra cousa é a intercomprensión pasiva entre galego e castelán-falantes), senón dous bloques sociais con cadansúa lingua: a grande maioría da poboación galega, de tódalas clases sociais, que fala galego e non sabe falar nin moito menos escribir en castelán, e unha minoría de xerarcas forasteiros cos seus cortexos, que fala e escribe o castelán e ignora o galego.” (Monteagudo, 1999: 198-199)

A aparición do bilingüismo activo xa no século XVII —isto é, a consolidación da difusión social do uso do castelán— senta as bases para o inicio, un século máis tarde, do mesmo proceso a nivel espacial. Con todo, cumpría un factor decisivo para o arranque da difusión xeográfica: a consolidación dun sistema urbano cunha estrutura xerárquica que favorecese concentración nas vilas dos sectores socioeconomicamente mellor situados, os cales se correspondían xa en boa medida no noso país coa poboación castelanfalante bilingüe ou monolingüe. Consolidárase, pois, un foco de difusión a partir do cal se ha espallar o uso do castelán ao longo do territorio.

O inicio da difusión xeolingüística: séculos XVIII e XIX

Se durante case toda a Idade Moderna o panorama xeolingüístico a nivel externo¹⁰ non supuxo grandes mudanzas a respecto da situación medieval, senón máis ben unha continuación, na fin deste período histórico e no comezo da era industrial, séculos XVIII e XIX, xa se sentan as bases da difusión xeográfica do uso do castelán en Galiza. Durante o século XVIII consolídase o primeiro sistema urbano galego de tipo xerárquico cuns centros rectores claros e duradeiros, o que permitirá unha maior concentración neles de bens e persoas. Así, A Coruña e Ferrol aparecen como as primeiras cidades “modernas” do país nas que se coñecerá, xa no XVIII, un crecemento urbano significativo, mesmo espectacular no caso de Ferrol. Estas primeiras cidades diferenciaranse claramente das vilas, o que modificará definitiva e profundamente o sistema de asentamentos característico da época anterior.

A Coruña era desde 1563 sede permanente da Real Audiencia, institución governamental virreinal reservada case exclusivamente para o funcionariado foráneo e, por tanto, castelanfalante monolingüe. Así, o importante desenvolvemento da administración estatal baixo a dinastía borbónica impulsou a chegada e concentración de máis poboación castelanfalante para A Coruña. A isto únese o feito de se converter a cidade en porto colonial durante a segunda metade do XVIII, o que acabará por traer

¹⁰ Referímonos á distribución e mobilidade xeográficas da poboación castelanfalante monolingüe ou bilingüe. No que se refire ao plano interno da lingua, diferentes autores sinalan na Idade Moderna a consolidación dos diferentes xeolectos galegos con cadansúas áreas e subáreas.

tamén para alí un Real Consulado. Co desenvolvemento portuario e alfandegueiro dáse a importación de mais funcionariado así como o asentamento de familias comerciantes foráneas dedicadas á exportación. Daquela, prodúcese xa unha concentración de poboación castelanfalante suficiente para converter a cidade nun centro de difusión dos novos usos lingüísticos. Por suposto, isto debeu levar tamén a unha aceleración na difusión do castelán entre a poboación local de status socioeconómico medio-alto.

Por outro lado, no Golfo Ártabro desenvolverase tamén o núcleo de Ferrol, pequena vila mariñeira que se converte a comezos do século XVIII nunha importante base naval, centro industrial xa nesas datas, e capital de departamento marítimo. Os primeiros estaleiros estatais instálanse na cidade a finais dos anos 1720, ao igual que os primeiros destacamentos militares. Aínda que pasa por altos e baixos, o crecemento urbano desde esta época é continuado. A rápida consolidación da cidade como centro militar e capital de departamento marítimo atrae en moi pouco tempo, en cuestión de décadas, un considerábel número de militares e funcionariado vindo de fóra do país. Isto, acompañado do impacto socioeconómico do desenvolvemento da industria naval, debeu producir unhas profundas transformacións das redes sociais tradicionais da antiga vila mariñeira. Como xa explicamos, o paso dunhas redes tradicionais pechadas a outras de tipo máis aberto adoitan introducir procesos de substitución da variedade lingüística vernacular e menos prestixiosa pola variedade socialmente valorada, que neste caso coincidía coa falada pola poboación que acababa de se instalar na cidade. A sorprendente rapidez coa que se deu esta transformación urbana —en poucos anos Ferrol chegou a ser a maior cidade galega— deixa pensar que a difusión do castelán entre a poboación ferrolá levou un ritmo paralelo. Así, en pouco tempo, os niveis de uso do castelán na cidade deberon igualar ou mesmo superar os que podía presentar A Coruña nesa altura.

Para o resto dos centros urbanos galegos o século XVIII supón en xeral unha continuación da situación de séculos anteriores, mesmo hai autores que falan de claro estancamento. Isto é bo de ver, por exemplo, no caso de Pontevedra, cun porto noutrora importante que vai perdendo calado e, por tanto, capacidade para acoller grandes barcos. Esta vila irá perdendo o seu vínculo socioeconómico co mar para se converter nun centro de artesáns, pequenos comerciantes locais e fidalguía. Vigo aínda é unha pequena vila mariñeira en decadencia. Lugo e Ourense tamén coñecen o estancamento durante este período e seguen mantendo a súa dependencia da contorna rural. Xa que

logo, as prácticas lingüísticas tradicionais da poboación subsistiron en todos estes centros urbanos, onde as redes sociais que sustentaban os usos galegofalantes mantiñan a súa vitalidade.

Así, na entrada do século XIX, a poboación galega que vivía nas vilas e cidades non chegaba ao 10%. De feito, só tres centros urbanos —Ferrol, Santiago e A Coruña— tiñan máis de 10.000 habitantes mentres que o resto, incluídos Pontevedra, Lugo, Ourense e Vigo, non superaban aínda os 5.000 habitantes (O’Flanagan, 1996:186). Observando estes datos poboacionais dos centros urbanos da Galiza de finais do XVIII, e tendo en conta o xa dito sobre Ferrol e A Coruña, chama a atención o feito de non se converter Santiago de Compostela nun centro de difusión do castelán, ao menos durante esta época. Santiago mesmo tiña máis poboación do que A Coruña e este centro urbano acollía un importante número de cargos eclesiásticos e académicos castelanfalantes, o que o convertía no centro cultural e relixioso do país. Por outro lado, o peso dos comerciantes nesta cidade seguía a ser importante. Daquela, Santiago xa contaba cunhas redes e sectores sociais urbanos en principio favorábeis para convertelo nun foco de difusión de innovacións lingüísticas e, por tanto, do uso do castelán. Sen embargo, a súa forte vinculación socioeconómica coa contorna rural —que mantén aínda hoxe— debeu ralentizar a presión sociolingüística da minoría castelanfalante. Segundo o xeógrafo Andrés Precedo as especiais características socioeconómicas de Santiago non favoreceron a súa transformación en foco de innovacións:

“Santiago, con una sociedad todavía muy vinculada al medio rural, más los restos de la aristocracia rural no reconvertida, tampoco podía —como en otras ciudades levíticas ocurrió— desempeñar el papel de foco innovador, pues el modelo de la sociedad urbana moderna encontró allí un medio social inerte en el que no podía fácilmente arraigar, como muchas iniciativas fallidas atestiguan” (Precedo, 1998:171-172).

O século XVIII supuxo, pois, a fin do sistema de asentamentos humanos preindustrial e o inicio da conformación doutro novo. Coa Coruña e Ferrol á cabeza, os núcleos urbanos íranse diferenciando cada vez máis da súa contorna rural, tanto na súa morfoloxía e tamaño como nas estruturas e redes sociais abertas que os íran caracterizando. As incipientes cidades galegas e algunhas vilas de certo avoengo como Pontevedra coñecerán a chegada dunha parte importante da fidalguía e da nobreza galegas, totalmente castelanizadas, que pasarán a vivir nas cidades onde constrúen moitas das casas grandes que tanto caracterizan as zonas históricas urbanas do noso país. Por outro lado, a escasa burguesía urbana galega acaba de se castelanizar no seu

desexo de manter a súa posición social. Ademais, para as cidades e algunhas vilas galegas virán asentarse tamén varias familias burguesas castelás, leonesas e catalanas que, dado o contexto diglósico que antes bosquexabamos, non utilizarán a lingua endóxena e pasarán a aumentar a presión lingüística da poboación castelanfalante.

Prodúcese, xa que logo, unha ruptura entre o medio urbano e o rural galego que ten unhas claras repercusións socio e xeolingüísticas, xa que xorden por primeira vez zonas de importante concentración de poboación castelanfalante. A difusión do castelán reborda o plano social para atinxir tamén o espacial ou horizontal. A segunda metade do século XVIII e a primeira o XIX supoñen, pois, o inicio dunha nova etapa no retroceso do galego. Se o XVIII marca o seu inicio coa aparición dos primeiros centros retores do proceso de urbanización e castelanización, o XIX implicará o comezo da difusión xerárquica ao xurdiren novas cidades. Así, durante estes anos pasamos das tres cidades iniciais ás sete máis importantes que estruturan aínda hoxe a xerarquía urbana do país.

Durante os anos 1830 son designadas as catro capitais provinciais, onde se concentrarán unha serie de órganos administrativos, entre eles as tan poderosas deputacións. De aí que veñan para Lugo, Ourense e Pontevedra un numeroso contigente de funcionariado que só empregará a lingua do Estado, o castelán. Nas capitais provinciais van concentrarse, ademais, os centros de ensino, sobre todo de secundaria, que desenvolverán un importante labor castelanizador da poboación urbana. No caso da Coruña, a súa escolla como capital provincial, acelerará os procesos urbanizadores e castelanizadores iniciados no século anterior. Por outro lado, en Santiago, que non será capital, o proceso irá máis de vagar.


Cómpre salientar que é durante o século XIX cando xorde unha nova cidade, Vigo, que en moi pouco tempo acabará compartindo coa Coruña o primeiro posto na xerarquía urbana. Durante todo o século, Vigo, que ata entón fora unha vila pesqueira en decadencia, experimenta un crecemento urbano mesmo superior ao da Coruña e Ferrol. Isto debeuse ao seu desenvolvemento portuario e a unha diversificación das actividades que se xeraron ao seu redor. Así, o porto mantén unha importante actividade pesqueira, base da industria naval e conserveira local, e asemade constitúe a principal saída para América de moita poboación emigrante. Ao igual que en Ferrol, a aceleración na transformación urbana e social carrexará a rápida introdución do uso do castelán en diferentes sectores sociais da cidade.

Así, durante todo o século XIX, sete núcleos urbanos galegos —as catro capitais provinciais, Santiago, centro académico e relixioso, Vigo, centro industrial portuario, e Ferrol, importante enclave militar e industrial— sofren un forte proceso de castelanización que afectará fondamente as súas clases medias e altas. Ráchase así de vez co equilibrio xeolingüístico prexistente e consolídase o retroceso espacial do galego, que ficará intimamente vencellado a partir de agora ao proceso urbanizador e industrializador do país. Manuel Portas resume así a situación a finais do século XIX:

“Nas cidades e vilas galegas o español estende-se entre a burguesía e as clases medias da man da transformación das estruturas económicas, do asentamento dos organismos político-administrativos do novo estado centralista de corte liberal, e, entre outras razóns, do aparecemento de novos canais de difusión cultural... A finais do século o español identifica-se popularmente co meio urbano, co progreso e a prosperidade económica, co saber, mentres que o galego se asimila á ruralidade, ao atraso e á miséria económica, e, como non, á ignorancia” (Portas, 1997:79).

Mapa2

Porcentaxe de galegofalantes monolingües maiores de 65 anos
Proxección en tempo aparente da distribución xeográfica do monolingüismo galegofalante:
Antes de 1927



Elaborado a partir dos datos publicados polo
Instituto Galego de Estatística (IGE 1992a, 1992b)

Bosquéxase o sistema de cidades en Galiza coa súa xerarquía, básica no proceso de desenvolvemento do país, e asemade os focos e direccións do proceso de difusión xeográfica do castelán. E así, a carón da diglosia social, pasará a ter unhas manifestacións xeográficas ben nítidas unha especie de *diglosia espacial* paralela: o uso do castelán concéntrase e medra rapidamente nas áreas socioeconomicamente máis desenvolvidas mentres que o galego pasa a ser a lingua case exclusiva da poboación das áreas rurais e/ou marxinais. Xa que logo, neste contexto xorde a fórmula desgaleguizadora *desenvolvemento urbano = castelanización*.

O mapa 2, sobre a poboación galegofalante monolingüe de 65 ou máis anos, móstranos, de utilizármolo como referente en tempo aparente da situación anterior a 1927¹¹, que as concentracións de poboación castelanfalante nesta época xa eran marcadas a nivel xeográfico, caracterizando as sete cidades galegas. Ferrol aparece xa a finais do XIX e principios do XX como o centro urbano máis desgaleguizado, o que parece confirmalo como foco inicial do proceso de difusión do castelán. A poboación castelanfalante era xa importante na Coruña e Vigo, pero tamén en Pontevedra, que se distingue nesta altura das capitais provinciais do interior, Ourense e Lugo, máis vencelladas á súa contorna rural e cunha pequena nobreza castelanfalante menos presente. Parece tamén confirmarse unha maior lentitude do proceso castelanizador en Santiago, que, malia a súa importancia, se achega máis ao doutros núcleos do interior como Lugo e Ourense.

O mapa 2 tamén nos mostra que nesta altura son varias as vilas afectadas, seriamente xa en certos núcleos próximos á Coruña e a Ferrol, polo proceso de castelanización. Entre elas poderíamos contar xa a finais do XIX a Padrón, Vilagarcía de Arousa, Cambados, A Pobra do Caramiñal, Corcubión, Monforte, Ribadeo ou o Barco de Valdeorras. Isto supón que neste momento se superara a fase inicial do proceso de castelanización e que a fase de difusión xa estaba en marcha: a utilización do castelán espállase desde os focos inciais —A Coruña e, sobre todo, Ferrol— por outros centros urbanos importantes —Pontevedra, Vigo e, xa en menor medida, Santiago, Lugo e Ourense—, e mesmo por outros inferiores (certas vilas dinámicas). Ao mesmo tempo, e como xa indicamos, durante esta fase o proceso tamén atinxe as áreas veciñas do(s) foco(s) de innovación inicial. Así, o mapa 2 reflicte esta situación claramente posto que todos os concellos da ría de Ferrol e varios veciños da Coruña (Oleiros, Sada

¹¹ 1927 é o ano de nacemento da poboación de 65 anos en 1991, data de realización do primeiro censo lingüístico do IGE. É habitual en estudos de socio e xeolingüística botar man das proxeccións en tempo aparente cando non existen datos en tempo real (Chambers e Trudgill, 1994; Fernández e Rodríguez, 1995).

etc.) estarían coñecendo nesta época un descenso considerábel da poboación galegofalante monolingüe.

A aceleración da difusión: dos anos 1940 ata os 1980

Como acabamos de ver, xa na última metade do século XIX comeza unha nova etapa da difusión do castelán en Galiza: consolídase a vía de difusión polas novas xerarquías urbanas e isto combínase progresivamente cun proceso endémico paralelo de difusión polos espazos veciños dos centros urbanos máis castelanizados. Paradoxalmente, isto coincide co que se deu en chamar *Rexurdimento*, quer decer, o inicio da superación da *minorización* social do galego¹². Como xa vimos, esta *fase de difusión* caracterízase tamén por unha progresiva aceleración das anteditas dinámicas. Sen embargo, esta aceleración non será evidente ata a segunda metade do século XX. Seguindo as clasificacións de Corbeil (1995), no século XVI daranse en Galiza os factores *dominantes* ou imprescindibles para a difusión do castelán, que se converte en lingua do poder político, económico e científico. Sen embargo, estes factores non asegurarán a difusión a nivel espacial. Nen sequera os *factores recesivos* —castelán como lingua do exército, da relixión, do ensino e da cultura— asociados a aqueles serán definitivos desde o punto de vista xeolingüístico. En Galiza serán os factores *conxunturais*, quer decer, a urbanización e as mudanzas demográficas, os que marquen os patróns da difusión xeográfica do castelán. Probabelmente, sen eles o proceso de castelanización en Galiza sería máis lento e espacialmente menos marcado.

Os dous factores conxunturais xa se dan no XIX, pero é a aceleración nos procesos de urbanización e a transformación demográfica a partir da segunda metade do XX a que carrexará unha aceleración paralela na adquisición e uso do castelán por parte da poboación galega. Así, desde a segunda metade do século XIX, os principais núcleos urbanos comezan a medrar e a se desenvolver de xeito xeral. A súa poboación aumenta cada vez máis rápido, ao principio nunha tónica xeral de crecemento que coñece todo o país, e logo beneficiándose da grave sangría demográfica que sufriron e aínda sofren as áreas rurais.

Durante a época franquista, e concretamente a partir dos anos 1950, iníciase unha política de *desenvolvemntismo* para superar o contexto económico da posguerra. Esta

¹² Cómpre distinguirmos entre *lingua minorizada* e *lingua minoritaria*. Co primeiro termo referímonos ao feito de perder unha lingua todos ou boa parte dos ámbitos públicos do seu uso social. Pola contra, cando falamos de *lingua minoritaria* referímonos ao feito de ser esta falada por unha minoría da poboación dun determinado territorio. Así, no caso que nos ocupa, o galego foi —e para algunhas persoas aínda o é hoxe— ata o período autonómico actual a lingua maioritaria minorizada, mentres que o castelán foi a lingua minoritaria non minorizada. Na realidade, o uso destes termos relaciónase coa análise de situacións diglósicas.

política favorecía a concentración das actividades industriais en determinados polos de desenvolvemento, normalmente as grandes cidades e/ou os portos máis importantes. Deste xeito, A Coruña, Ferrol e Vigo —os núcleos urbanos máis poboados nesa altura e cos tres portos máis importantes do país— coñecerán un importante desenvolvemento industrial que se verá truncado no caso de Ferrol pola crise e reconversión do sector naval durante os anos 1980. Este desenvolvemento industrial coincide coa longa crise no mundo rural que dura ata hoxe. A combinación destes dous fenómenos crearon o contexto da emigración interna desde o campo para as cidades, especialmente para aquelas tres. Por outro lado, tamén se volverá dar unha importante emigración cara ao exterior —América e logo Europa—, que se detivera durante os anos 1930 e 40.


Isto supón, pois, o comezo dunha grave crise demográfica nas áreas onde o galego era practicamente a única lingua falada pola poboación. Esta crise tradúcese, en termos lingüísticos, no nacemento de cada vez menos falantes e na emigración dos galegofalantes máis novos para as áreas urbanas, onde as prácticas bilingües de tipo diglósico eran a norma nuns intercambios comunicativos inseridos nunhas redes sociais abertas. Atopar traballo na cidade supuña, e aínda hoxe supón na maioría dos casos, demostrar ter unha determinada competencia en castelán. Xa que logo, a chegada de poboación galegofalante para as cidades non significou un aumento do número de monolingües nesta lingua, senón do bilingüismo e logo do monolingüismo en castelán.

O resto das cidades —Santiago de Compostela, Lugo, Ourense e Pontevedra— tamén coñeceron a partir dos anos 1960 un desenvolvemento urbano, e mesmo un certo desenvolvemento industrial. Con todo, se cadra o crecemento foi aquí menos espectacular e, polo tanto, os procesos demolingüísticos antes descritos para as grandes cidades do momento non se deron con tanta intensidade. O proceso de desgaleguización continuou cun ritmo máis pausado nestes centros urbanos, aínda que as cifras de galegofalantes varían de uns para outros. Así, na cidade de Pontevedra —que non nas zonas periurbanas do concello— a desgaleguización comezara antes e a porcentaxe de galegofalantes é menor que en Santiago, Lugo e Ourense. Santiago segue a presentar peculiaridades que teñen a ver cunha ralentización na difusión do castelán. O desenvolvemento dun sector social galeguista monolingüe e vencellado á universidade a partir de finais dos 1960 e logo a implantación da administración autonómica amorteceron a suba continuada de castelanfalantes na cidade. Por outro lado, e ao igual que Lugo e Ourense, Santiago conservará unha estreita vinculación cos concellos rurais da súa ampla comarca.

Mapa 3

Evolución da minorización lingüística

Proxección en tempo aparente por grupos de idade



Elaborado a partir dos datos publicados polo
Instituto Galego de Estatística (IGE 1992a, 1992b)

O mapa 3, referente á proxección en tempo aparente da perda da maioría demolingüística por parte da poboación galegofalante monolingüe¹³, reflicte as anteditas diferencias entre os diferentes núcleos urbanos que xa observabamos no mapa 2 e que perduran ata o día de hoxe. O inicio do proceso urbanizador, o seu ritmo e as relacións do núcleo urbano coa súa contorna é, pois, fundamental para comprendermos a difusión do castelán nestas cidades e a súa maior ou menor importancia como focos do proceso.

Durante esta época consolidanse as áreas metropolitanas de Vigo e A Coruña, por onde o castelán se irá difundindo rapidamente. O mapa 2 xa nos mostraba ben ás claras que o proceso de difusión xerárquica ía acompañado en Galiza dun proceso endémico. O mapa 3 evidencia xa a súa continuación pola contorna coruñesa (Oleiros, Sada, Culleredo, Cambre etc.) e por Ferrolterra (Narón, Neda, Fene etc.), e a súa aceleración na contorna viguesa (Redondela, Nigrán, Baiona, O Porriño etc.) a partir dos anos 1960. Sen embargo, os procesos de difusión endémica no norte e no sur non serían, segundo o mapa, exactamente contemporáneos. Nas contornas coruñesa e ferrolá a difusión do castelán desde os núcleos urbanos sería, segundo o mapa 3, importante xa na primeira metade de século, mesmo antes da Guerra Civil. O proceso levou nestas zonas un ritmo de crecemento sostido, paralelo ao proceso de crecemento urbano dos seus centros metropolitanos. No caso da contorna de Vigo, a difusión do castelán faríase sentir máis durante os anos 1950 e 60, na aceleración espectacular do desenvolvemento urbano e industrial da cidade olívica que se prolonga ata hoxe. Ao igual que o proceso urbanizador, o de difusión do castelán aquí é algo máis recente e rápido.

Chama a atención o feito de detectarmos un fenómeno semellante na bisbarra de Pontevedra no mesmo período, xa non tanto polo caso de Marín, cunha base naval, unha importante fábrica de pasta de papel próxima e un porto en expansión, senón polo de concellos como Ponte Caldelas, A Lama ou Fornelos de Montes. Probabelmente, a intensa emigración a América que coñeceron estes concellos a partir dos anos 1950 teña algo a ver cos datos obtidos no censo do 1991. Como noutros casos, cumprirán estudos concretos para explicar a situación.

¹³ O mapa marca a caída por embaixo do 50% da poboación galegofalante monolingüe segundo as faixas de idade. Ao igual que no mapa 2, partimos dos usos lingüísticos destas faixas de idade tomando como períodos temporais de referencia os anos de nacemento. Evidentemente, isto non quere decer que as prácticas monolingües en galego fosen xa minoritarias nos diferentes concellos nas datas sinaladas, pero si para a xeración nacida durante ese período. Xa que logo, tomamos esas datas como referencia ou punto de inflexión. Na realidade, a perda da maioría demográfica absoluta da poboación galegofalante monolingüe mesmo pode tardar máis de unha xeración en función do ritmo de difusión das novas prácticas lingüísticas.

Ao mesmo tempo, a difusión do castelán comeza a se dar seriamente no nivel inferior de núcleos urbanos: as vilas. Durante os anos 1950 e 60, e mesmo antes, só destacan unhas poucas. Entre elas encóntranse Monforte, importante nó ferroviario ata os anos 1980, e Vilagarcía, cun porto de certa relevancia e que será designado *polo de desenvolvemento* durante os anos 1970. O Barco de Valdeorras, cunha industria local da lousa en crecemento xa nesa altura, e Corcubión presentan datos referencias semellantes no censo de 1991. Os anos 1970 xa marcarían, segundo o observado no mapa 3, a extensión do uso do castelán por máis vilas. Unha vez consolidado o proceso nos niveis altos da xerarquía urbana —as cidades grandes e medias do país— este pasa para o nivel inferior xa nos anos posteriores á guerra, o que se confirmará durante os anos 1970. Nesta década, e sempre segundo o mapa que elaboramos, a difusión do castelán sería notábel nas Pontes de García Rodríguez, cunha importante central térmica e un rápido desenvolvemento urbano, Viveiro, Noia, Cedeira, Negreira, A Rúa, Pontearreas, toda a península do Morrazo, etc. No que se refire aos concellos rurais como Sarreaus, Láncara¹⁴ ou Paderne de Allariz con referencias porcentuais similares, cómpre decer que non se confirman no traballo do Seminario de Sociolingüística da RAG, nin sequera no especial caso de Negueira de Muñiz¹⁵. Na espera de estudos concretos sobre estes casos, só podemos supor erros no censo no que nos baseamos.

A grandes liñas, podemos decer que os anos do desenvolvementismo franquista supuxeron unha aceleración no proceso de desgaleguización, non só nos núcleos urbanos máis importantes, senón tamén nas súas contornas e en certas vilas importantes. Sen embargo, a proxección en tempo aparente elaborada polo Seminario de Sociolingüística da RAG (Fernández e Rodríguez, 1995: 52-55) sitúa o inicio da aceleración xa nos anos 1930 e 40¹⁶. Evidentemente, os datos aquí sitúanse no plano social ou vertical e son xerais de toda Galiza. Probabelmente a escolarización da poboación infantil, e polo tanto a adquisición de maiores competencias en castelán e de prácticas lingüísticas bilingües por parte da poboación galegofalante monolingüe, durante eses anos foi un factor importante da desgaleguización a nivel social, ao igual que o desenvolvemento dos medios de comunicación de masas. Tamén foron decisivos

¹⁴ O concello de Láncara coñeceu a partir dos anos 1970 un desenvolvemento endógeno da súa industria do móbel, facilitado polas boas comunicacións do seu núcleo principal, A Pobra de S. Xiao. Con todo, os datos que se obteñen no censo do IGE dan os anos 1930 e 40 —correspondentes ao grupo de idade de 41 a 65 anos— como referencia no aumento das prácticas lingüísticas en castelán.

¹⁵ Este concello de montaña coñeceu a partir da fin dos anos 1970 a chegada dunha poboación nova e de procedencia urbana, e por tanto basicamente castelanfalante, que se organizou en comunas ocupando núcleos rurais abandonados.

¹⁶ A referencia temporal na caída do monolingüismo en galego por embaixo do 50% é neste traballo o ano 1947.

os numerosos emigrantes retornados de América durante eses anos, tal e como se apunta xa no traballo do Seminario de Sociolingüística (Fernández e Rodríguez, 1995: 54). Sen embargo, o factor da urbanización puido xogar papeis diferentes en función das zonas. O mapa 3 indicábanos que nas áreas urbanas de Coruña e Ferrol a intensificación da castelanización, a máis temperá do país, comeza nos anos da IIª República e da Posguerra, o que coincide cunha aceleración do desenvolvemento urbano. Sen embargo, en Vigo e a súa área, o proceso céntrase posibelmente só na cidade durante estes anos, e, como xa indicamos, non se fai sentir na contorna ata os anos 1950 e 60. Na maioría das vilas habería que retrasar aínda máis a data de referencia e aínda hoxe en moitos dos concellos rurais o proceso de castelanización das prácticas lingüísticas habituais a penas se deixou sentir e non encontramos grandes saltos xeracionais ao respecto.

Xa que logo, a análise xeolingüística da desgaleguización complementábase coa sociolingüística matizándoa, xa que mostra que o inicio e ritmo do proceso non é o mesmo en todo o país. De feito, as diverxencias entre as zonas urbanas e rurais son aínda importantes durante todos estes anos, o que se corresponde cun aumento dos desequilibrios territoriais internos. Así, a ecuación formulada xa no século XIX de *desenvolvemento urbano = castelanización* segue funcionando durante todo o século XX e explica as importantes diferencias que aínda hoxe encontramos dunha comarca para outra a respecto das prácticas lingüísticas habituais da poboación.

A difusión do castelán na actualidade: aceleración e xeneralización

Ao igual que noutras partes do mundo occidental, a chegada dos anos 1980 supón unha serie de mudanzas importantes no proceso de urbanización de Galiza. Durante toda esta década obsérvanse novas modalidades no proceso relacionadas co que se deu en chamar *urbanización difusa*. Así, as grandes cidades ralentizan o seu crecemento e son os concellos circundantes os que comezan a recibir cada vez máis poboación procedente destas na procura duns prezos baratos para a vivenda e dunha maior calidade de vida lonxe dos rúidos, os problemas de tráfico etc. Constrúense aquí chalés en banda e urbanizacións que se combinan na paisaxe con naves industriais e de servizos, hortas e veigas particulares e os antigos núcleos de poboación. Créanse así as zonas periurbanas que coñecemos hoxe, por exemplo, en concellos e parroquias dos arredores da Coruña, Santiago ou Ourense. Toso isto supón, polo tanto, a chegada desde as cidades de poboación nova e habitualmente castelanfalante.

Alén da periurbanización, prodúcense outras mudanzas importantes na estrutura da rede urbana de Galiza. Ferrol, que fora durante tempo a terceira cidade do país e que aínda hoxe é o núcleo urbano máis castelanizado, entra nunha fonda crise debida á


reconversión do sector naval dos anos 1980 e comeza a perder poboación. Por outro lado, Ourense coñece un importante crecemento debido á crise demográfica da súa provincia, eminentemente rural, e á volta de moitos emigrantes que deciden instalarse e investir na cidade e non nos seus concellos rurais de orixe. Así, Ourense pasa a ocupar o posto de Ferrol e a converterse nun importante centro de servizos para toda a provincia e mesmo para o sur da de Lugo. Finalmente, Santiago de Compostela convértese na sede do goberno e administración autonómicas, o que supón a chegada para a cidade dun numeroso contingente de funcionariado. Por outro lado, a universidade da cidade coñece unha importante expansión e o número de profesorado, funcionariado e estudiantado elévase considerabelmente. En xeral, todas as cidades medran nos últimos anos e nelas experimentábase unha importante terciarización das actividades, o que supón unha maior apertura das redes sociais urbanas e periurbanas e, polo tanto, dado o contexto sociolingüístico no que nos encontramos¹⁷, un aumento paralelo do uso do castelán.

Outra novidade importante é o inusitado crecemento de certas vilas galegas debido a diferentes razóns, pero en moitos casos baseándose na aparición de dinámicas internas de creación de establecementos industriais e de servizos. Este *desenvolvemento endógeno* favoreceu a conversión destas vilas en verdadeiros centros comarcais, *pequenas cidades* para algúns autores, sobre os que se centrou unha nova política de desenvolvementismo impulsada pola administración autonómica. Todo isto supón unha apertura progresiva das redes sociais tradicionais das vilas e o aumento paralelo do uso do castelán. Así, e sempre operando coa fórmula *desenvolvemento urbano = castelanización*, podemos ver que canto máis avanzado estea nunha comarca o desenvolvemento urbano —especialmente a industrialización e máis aínda a terciarización— máis acusada é a castelanización da súa poboación. Isto parece evidenciarse ao compararmos o mapa 4, referente á rede urbana e ás áreas de influencia, e o mapa 1.

¹⁷ Malia a oficialización do galego a comezos dos anos 1980 e o inicio dunha política continuada de recuperación social desta lingua, os datos de comezos dos anos 1990 reflicten, por un lado, unha mudanza positiva nas actitudes da poboación cara ao galego pero, por outro, un mantemento dos esquemas sociolingüísticos habituais de socialización. O castelán segue sendo a lingua da maioría da poboación cun status socioeconómico medio-alto ou alto, o seu uso segue a ser esixido nas cidades para entrar en moitas empresas e, malia as políticas institucionais e de asociacións, o castelán tamén segue a ser a lingua máis utilizada na escola. Con todo, nestes anos, o galego recupera numerosos ámbitos sociais de comunicación pública que perdera había séculos.

Mapa 4

Rede urbana e áreas de influencia en Galicia




Elaborado a partir da cartografía publicada por Precado Ledo A. (1994:100; 1998: 168, 246)

Vemos axiña que non só son os concellos das sete cidades galegas os que presentan unha concentración significativa de castelanfalantes. As Rías Baixas e o Golfo Ártabro —as áreas metropolitanas de Vigo e A Coruña, cos seus apéndices en Pontevedra e Ferrol respectivamente— mostran tamén unha presenza importante de castelanfalantes. Por outra banda, comarcas coma a do Baixo Miño, con Tui á cabeza, e vilas coma Noia presentan xa uns altos índices de castelanización. Ademais, non deixan de chamar a atención os datos referentes a comarcas que experimentaron un desenvolvemento endógeno a partir dos anos 1980 como a do Deza, Tabeirós-Terra de Montes, as tres da Mariña lucense ou a de Valdeorras. Vilas coma Sarria, Monforte, Verín, Ribadavia, O Carballiño, Muros, Cee e Corcubión tamén presentan unha castelanización significativa. Ademais, vemos que mesmo comarcas marxinais de interior como a propia Fonsagrada coñecen unha castelanización incipiente e que non deixa de sorprender dada a posición periférica destes concellos —con xa máis dun 10% de castelanfalantes habituais en 1992 e segundo o Seminario de Sociolingüística da RAG—.

Mapa 5

Áreas sociolingüísticas de Galicia

Prácticas lingüísticas maioritarias por concellos en 1991



Elaborado a partir dos datos publicados polo Instituto Galego de Estatística (IGE 1992a, 1992b)

Áreas sociolingüísticas en Galiza

Deixando de lado a comparación co traballo do Seminario da RAG, elaboramos a partir dos datos do censo do IGE un mapa clasificando os concellos galegos en función das prácticas lingüísticas da súa poboación¹⁸ —bilingüismo, monolingüismo en galego e monolingüismo en castelán—. Debido á fiabilidade limitada dos datos do primeiro censo lingüístico do IGE e da que xa falamos, insistimos no feito de que as clasificacións aquí expostas deben ser tomadas coa máxima cautela. A aparición de novas fontes xeoestadísticas, máis afinadas e cunha información completa de todos os concellos do país poderían corrixir de certo esta nosa clasificación cartografada no mapa 5. Este mapa non mostra só unha clasificación de áreas sociolingüísticas de Galiza, senón tamén, e ata certo punto, o ritmo de difusión do uso do castelán en cada unha delas.

Como vemos, e sempre segundo os datos do censo lingüístico do IGE, en ningunha área ou concello concreto do país é aínda o monolingüismo en castelán a práctica lingüística da maioría da poboación, senón o bilingüismo ou, aínda na maioría do territorio, o monolingüismo en galego. De todos xeitos, como xa demostrou o traballo do Seminario de Sociolingüística da RAG, vemos que canto máis aumentan nunha área as prácticas bilingües, máis se incrementa a poboación castelanfalante monolingüe. O aumento das prácticas bilingües non é, pois, un proceso que leve a unha situación estática de equilibrio entre as dúas linguas¹⁹. Os propios datos do censo do IGE a respecto da evolución das prácticas lingüísticas por idades e concellos coincide en reflectir un paso progresivo do monolingüismo en galego ao bilingüismo e de aí ao monolingüismo en castelán. Este proceso sociolingüístico non só se observa na variación interxeracional senón tamén segundo o status socioeconómico da poboación. Evidentemente, e por outro lado, todo isto ten unhas claras manifestacións espaciais: as áreas galegofalantes afectadas polo proceso de castelanización pasan primeiro a ser bilingües mantendo unhas altas porcentaxes de poboación galegofalante monolingüe

¹⁸ Como criterio de clasificación escollemos uns limiares porcentuais representativos: por riba ou por baixo do 75% e do 50% para o monolingüismo en galego, do 50%, 25% e 10% para o bilingüismo, e do 10% e 5% para o monolingüismo en castelán.

¹⁹ No traballo do Seminario da RAG obsérvase, ademais, que a poboación bilingüe non presenta unhas prácticas lingüísticas “harmónicas” e estáticas. A evolución típica sería a seguinte: nun primeiro momento a poboación galegofalante monolingüe afectada pasa a ser bilingüe con predominio do galego e logo, máis tarde e/ou na seguinte xeración, bilingüe con predominio do uso do castelán. Finalmente chégase ao monolingüismo en castelán, un proceso que pode durar tres xeracións e que se pode acelerar no caso dos galegofalantes emigrados para as áreas urbanas (Fernández e Rodríguez, 1995).

que irá descendendo en favor da castelanfalante monolingüe. Xa que logo, en función dos usos lingüísticos maioritarios e minoritarios dun concello podemos achegarnos ao seu ritmo de castelanización e desgaleguización.

Con todo, as áreas onde a poboación galegofalante monolingüe é maioritaria ocupan a maior parte do territorio, tal e como se pode ver no mapa 5. De todos xeitos, en base ás porcentaxes de bilingües e castelanfalantes, cómpre distinguirmos varias áreas de maioría galegofalante:

- A. *Área de maioría galegofalante tradicional.* Nesta ampla área a poboación galegofalante monolingüe constitúe unha maioría esmagadora xa que representa máis do 75%, mentres que a poboación bilingüe non chega ao 10% e a castelanfalante monolingüe fica por embaixo do 5%. Aquí inclúense numerosos concellos rurais do interior do país onde a ocupación da poboación —moi avellentada— se centra basicamente no sector primario e onde non encontramos un núcleo urbano como cabeceira municipal. Exemplos típicos serían concellos coma os de Cervantes, Entrimo ou Rois. Tamén se inclúen aquí unha serie de concellos costeiros de baixa accesibilidade, cunha pequena vila como cabeceira e unha poboación tamén centrada no sector primario, neste caso sobre todo na pesca e no marisqueo. Esta sería a situación de concellos da Costa da Morte como Malpica, Camariñas ou Muxía, ou do Barbanza como Porto do Son ou mesmo Rianxo. Finalmente, tamén encontramos vilas do interior moi dependentes do desenvolvemento do sector primario nos seus concellos. Este é o caso de Ordes, malia a súa situación privilexiada no eixo atlántico de desenvolvemento —e de castelanización—, ou de Monterroso, que ao igual que Rianxo coñeceu un certo estancamento no seu crecemento urbano. En todos os casos, nestes concellos a enorme importancia das actividades do sector primario favoreceu, por un lado, a conservación das redes sociais tradicionais que aseguran o mantemento do galego como lingua case exclusiva. Isto amorteceu ata o de agora o posíbel aumento do uso do castelán en certas vilas desta área, onde, con todo, a práctica do galego coñece un lento pero continuado descenso. Cómpre subliñar que a fragilidade da economía agraria e mariñeira nestas zonas e o elevado índice de avellentamento da poboación —factores que bloquearon noutrora e

ralentizan hoxe a difusión do castelán— poden chegar ameazar seriamente a continuidade interxeracional no uso do galego como lingua habitual.

B. *Área de maioría galegofalante con aumento das prácticas bilingües.* Ao igual que na anterior, nesta área a poboación galegofalante monolingüe supón máis do 75% dos efectivos demográficos, mentres que a castelanfalante non excede o 5%. Sen embargo, a poboación que afirma ser bilingüe supera xa o 10%. Isto supón un aumento significativo do uso do castelán nos concellos que conforman esta área. Este aumento prodúcese basicamente nas cabeceiras destes concellos, que moitas veces son tamén cabeceiras comarcais de certa importancia. Xa que logo, os núcleos urbanos desta área distínguense cada vez máis das parroquias rurais circundantes, onde o uso do castelán aínda é mínimo. Pódese decer que nesta área está comezando a fase inicial do proceso de difusión do castelán. En casos coma os de Vilalba, Lalín, Silleda, A Estrada, Corcubión, Chantada, Sarria ou Foz o proceso debe estar xa máis avanzado do que se reflicte nos datos do censo lingüístico²⁰. Máis acertadas poderían estar xa as estimacións para concellos como Sta. Comba, Vimianzo, Curtis, Ortigueira ou Cariño. O mesmo acontecería en varios concellos da área urbana de Ourense —Barbadás²¹, Toén, Pereiro de Aguiar...—, o que demostra que o proceso de difusión do castelán nesta bisbarra xa coñece dinámicas de tipo endémico relacionadas con procesos paralelos de urbanización difusa.

C. *Área de maioría galegofalante con aumento importante das prácticas bilingües.* Os concellos que conforman esta área xa coñecen un incremento notábel do uso do castelán por parte da súa poboación. Aínda que a poboación bilingüe e monolingüe en castelán non superan aínda o 50%, esta xa presenta unhas maiores porcentaxes que nas dúas anteriores áreas. De feito, o monolingüismo en galego xa non chega aquí ao 75%. As caídas interxeracionais no uso do galego tamén son máis importantes do que nas áreas anteriores. Con todo, o monolingüismo en castelán segue sen superar o 5%. Nesta área incluíriáanse concellos que viven diferentes situacións

²⁰ De feito, segundo o traballo do Seminario de Sociolingüística da RAG, nos anteditos concellos a poboación galegofalante monolingüe xa non chegaría nin ao 60%.

²¹ Neste concello, e segundo os datos do IGE, a poboación castelanfalante monolingüe xa sería máis dun 5% a comezos dos 1990.

socioeconómicas. Por un lado, seguimos tendo toda unha serie de vilas que en moitos casos son importantes centros comarcais: O Barco, Celanova, Ribadavia, O Carballiño, Noia, Ribeira ou Melide. Tamén temos outras vilas —algunhas tamén son capitais comarcais— menos importantes como Cariño, Cedeira, Becerreá, Mondariz, Ponteareas ou mesmo Pedrafita do Cebreiro. Algunhas destas vilas, como O Barco ou Ribeira, coñeceron un forte desenvolvemento que non implicou unha conservación dos usos lingüísticos prexistentes. No caso da comarca de Valdeorras o fenómeno cobra xa certa importancia e tamén se inclúen nesta área sociolingüística concellos como Petín ou Carballeda. Xa noutra situación encontramos unha serie de concellos periurbanos ou rururbanos incluídos nas áreas do Golfo Ártabro (Arteixo, Cambre, Coirós e Miño), Compostela e Rías Baixas (Cangas, Vilaboa, Soutomaior, Tomiño, O Rosal, Cambados, Vilanova de Arousa). No caso da área compostelá, a súa recente e rápida urbanización difusa está a producir mudanzas sociolingüísticas importantes nos concellos e vilas que fan parte dela (Ames, Teo, Oroso, Padrón e Negreira). Finalmente, encontramos tamén nesta área unha serie de concellos rurais como Sarreaus, Ribas de Sil e Sobrado dos Monxes cunha situación particular que cumpriría estudar máis. Por outro lado, varios concellos rurais pontevedreses (Cotobade, Ponte Caldelas, A Lama, Fornelos de Montes, Pazos de Borbén), moi vencellados aos núcleos de Pontevedra e Vigo, estarían a experimentar, segundo os datos do censo lingüístico e do Seminario de Sociolingüística, un aumento considerábel no uso do castelán.

- D. *Área de maioría galegofalante de transición a maioría bilingüe.* Cun monolingüismo en galego aínda maioritario, pero tamén inferior xa ao 75%, esta área presenta unha porcentaxe de castelanfalantes monolingües que se sitúa por riba do 5%, sendo en xeral a de bilingües máis elevada. Na maioría dos concellos que fan parte desta área o monolingüismo en galego achégase xa ao 50%. Trátase de vilas tan importantes como Viveiro, Ribadeo ou Verín, que exercen tradicionalmente como centros de servicios a comarcas afastadas das capitais provinciais do interior. Cómpre decer que estas tres vilas coñeceron un desenvolvemento urbano significativo xa a finais do século XIX. Por outro lado, encontramos outra serie de concellos integrados

na área urbana das Rías Baixas (Poio, Bueu, Moaña, Mos, Nigrán e Gondomar), onde a combinación da periurbanización co carácter endémico da castelanización está a ter efectos importantes nos usos lingüísticos da poboación. Algo semellante poderíamos decer da Rúa, integrada na comarca de Valdeorras que, como xa dixemos, experimentou nos últimos decenios un importante desenvolvemento²². Un caso particular é o de Negueira de Muñiz, que tamén entraría nesta área, debido á chegada de poboación urbana para ocupar aldeas abandonadas.

- E. *Área de transición a maioría bilingüe*. Nesta área encontramos uns poucos concellos das áreas urbanas das Rías Baixas e do Golfo Ártabro (Cabanas, O Porriño, A Guarda e Oia) onde a poboación galegofalante monolingüe xa foi minorizada, quer decer, esta hoxe é inferior ao 50% e a poboación que utiliza en maior ou menor medida o castelán xa é maioritaria. Sen embargo, o uso do galego segue a ser importante.
- F. *Área de maioría bilingüe*. Aquí o bilingüismo da poboación supera xa o 50%, sendo a práctica lingüística claramente maioritaria. Sen embargo, no censo lingüístico non se especifica a lingua que predomina nestas prácticas, de aí que optasemos por agrupar estes poucos concellos nunha área diferente ás seguintes, tamén de maioría bilingüe, pero xa cun claro predominio dunha lingua de uso. Polos datos do censo utilizados aquí, supoñemos que o uso do galego entre a poboación bilingüe é aínda importante xa que o monolingüismo en castelán non chega ao 5% e a mesma práctica en galego supera sempre o 20%. Nesta área incluíriáanse algúns concellos urbanos e rururbanos dependentes das grandes cidades (Ares, Mugardos, Betanzos e Bergondo) e algunhas vilas (Corcubión e Pobra de San Xiao/Láncara²³).

²² No caso deste concello e doutros das ribeiras do Sil e do Bibei, a construción de encoros e o establecemento de técnicos vindos de fóra do país coas súas familias ben pode ter a ver tamén con estes índices significativos de uso do castelán.

²³ Cómpre decer que, segundo os datos do Seminario de Sociolingüística da RAG, o concello de Láncara non estaría nesta área, senón posibelmente en áreas anteriores onde o monolingüismo en galego aínda é a práctica lingüística maioritaria. Así, no traballo do Seminario este concello está incluído nun amplo sector de municipios rurais (Sector 16, Lugo 5), algúns con pequenas vilas como cabeceiras municipais (Baralla, Antas de Ulla, Pedrafita, Becerreá, Navia de Suarna etc.), onde as posíbeis diferencias intermunicipais fican diluídas nunha ampla maioría galegofalante monolingüe. Sen embargo, os datos detallados por municipios do censo lingüístico do IGE reflicten certas diverxencias nalgúns concellos deste sector como Becerreá, Láncara, Pedrafita do Cebreiro ou Negueira de Muñiz. Futuros estudos deberían investigar esas posíbeis diverxencias nun sector considerado habitualmente como reserva do monolingüismo

G. *Área de maioría bilingüe con presenza importante de castelanfalantes.*

Nesta área a poboación castelanfalante monolingüe representa xa máis do 5%²⁴, mentres que a monolingüe galegofalante representa menos do 50%, nalgúns casos, como o de Narón ou Marín, nin sequera chega xa ao 40%. Aínda que o uso do galego mantén aquí unha certa vixencia nos intercambios comunicativos²⁵, o castelán non deixa de gañar ámbitos de uso cotián. Encontramos, pois, nesta área unha serie de concellos fortemente urbanizados ou onde o proceso de urbanización pasou por períodos de desenvolvemento intenso. Neste último caso temos vilas como As Pontes de García Rodríguez ou Monforte, onde unha central térmica e a actividade ferroviaria respectivamente levaron a un rápido desenvolvemento urbano e, por tanto, tamén a un aumento no uso habitual do castelán. Por outro lado, seguimos encontrando nesta área concellos pertencentes ás áreas urbanas do Golfo Ártabro e das Rías Baixas. Trátase dos máis desgaleguizados desas contornas, exceptuando os núcleos rectores. Neles contaríamos a Narón, Neda, Oleiros, Culleredo, Marín, Redondela e Tui. Finalmente, encontramos aquí as tres cidades do interior —Santiago, Lugo e Ourense—, onde, como xa vimos, o proceso de castelanización foi algo máis lento e serodio.

H. *Área de maioría bilingüe con forte presenza de castelanfalantes.* Ao igual que na área anterior, aquí encontramos concellos fortemente urbanizados que nalgúns casos, como o da Coruña, Ferrol, Vigo e Pontevedra²⁶, constitúen os principais focos de difusión do castelán en Galiza. Tamén fan parte desta área unha serie de concellos urbanos incluídos nas áreas de influencia das cidades do corredor de desenvolvemento atlántico: Fene, Pontedeume, Vilagarcía e Baiona. Nos concellos desta área o

galegofalante. De se confirmar o aumento no uso do castelán nestes concellos, estaríamos aquí na fase inicial da difusión desta lingua, xa máis avanzada nas zonas rurais das provincias occidentais, especialmente en Pontevedra.

²⁴ Segundo os datos do Seminario de Sociolingüística da RAG, nalgúns concellos desta área —baseada, insistimos, nos datos do censo do IGE— a poboación castelanfalante monolingüe pasaría xa do 10%.

²⁵ Isto é así aínda mesmo en cidades como Lugo ou Santiago.

²⁶ Cómpre decer que diferentes estudos, entre eles o do Seminario de Sociolingüística da RAG, constatan unha importante diverxencia no concello de Pontevedra a respecto das prácticas lingüísticas da poboación. Nas parroquias periurbanas uso do galego mantén aínda unha presenza importante mentres que no núcleo urbano o castelán é xa a lingua habitual da maioría da poboación.

monolingüismo en castelán atinxe xa máis dun 10% da poboación²⁷. Aínda que a maioría da poboación afirma aquí ser bilingüe, é bo de ver que o uso habitual do castelán é xa a práctica lingüística maioritaria.

Conclusiones

Ó longo dunha serie de apartados, centrámonos neste traballo no proceso de desenvolvemento urbano como factor castelanizador a nivel espacial. Cómpre aclararmos que isto non implica que lles restemos importancia a outro tipo de factores dominantes de tipo político e social, determinantes e imprescindíbeis para o inicio e desenvolvemento do proceso de castelanización. Con todo, é necesario insistirmos no importantísimo papel que en Galiza xogou e está aínda a xogar o desenvolvemento urbano como factor conxuntural que marca os ritmos do proceso.

En xeral, e malia o intenso proceso de difusión do castelán en Galiza, a maioría da poboación —isto é, máis de un millón de persoas— ten aínda o galego como lingua habitual de comunicación oral²⁸. Sen embargo, durante as últimas décadas do século XX, a difusión do castelán no país entrou nunha nova fase de aceleración, tal e como indican as fontes xeoestísticas utilizadas no noso traballo. Este proceso de difusión lingüística caracterizouse desde os seus inicios por unha combinación de dinámicas endémicas e xerárquicas, que levou, por un lado, á ampla castelanización das zonas veciñas dos principais focos da difusión e, por outro, a un retroceso considerábel no uso do galego nos centros urbanos situados nos niveis altos e intermedios da xerarquía de asentamentos humanos do país. Xa que logo, o proceso de difusión do castelán en Galiza está intimamente vencellado á evolución e transformacións do sistema de asentamentos humanos, e, por tanto, cos diferentes procesos de urbanización, industrialización e terciarización.

²⁷ Segundo os datos do Seminario de Sociolingüística da RAG, en cidades como A Coruña ou Pontevedra a poboación castelanfalante monolingüe superaría xa o 25%. No censo lingüístico do IGE as porcentaxes ao respecto andan preto do 20%.

²⁸ No que se refire xa a comunicación escrita os datos son ben outros: pouco máis dun 20% da poboación galega sondada polo Seminario de Sociolingüística da RAG escribe, por exemplo, notas en galego. Mesmo máis dun 50% dos galegofalantes monolingües entrevistados nesta sondaxe afirma utilizar o castelán para escribir notas habitualmente. Xa no que se refire á lingua de lectura habitual as porcentaxes son aínda menores: algo menos dun 10% do total das persoas entrevistadas en Galiza le habitualmente textos en galego. O galego é a lingua na que habitualmente le ao redor dun 5% dos galegofalantes monolingües sondados. Con todo, nas xeracións máis novas parecen aumentar algo os índices de lectura e escritura en galego.

A análise do proceso de difusión xeográfica do castelán en Galiza coincide con diferentes análises feitas desde a sociolingüística e nas que se subliña que o aumento do bilingüismo agocha un aumento paralelo do monolingüismo naquela lingua. Así, observamos que os diferentes concellos onde aumenta a porcentaxe de poboación castelanfalante monolingüe presentan unha maioría de poboación que afirma ser bilingüe. Con todo, o monolingüismo en castelán non é aínda, segundo as fontes aquí utilizadas, a práctica maioritaria en ningún concello do país. Cómpre preguntarse, pois, se nos concellos cos índices máis altos de uso do castelán o proceso de desgaleguización segue activo ou entrou xa nunha fase final ou de condensación. A elaboración de futuros censos e sondaxes así como observación detallada das caídas interxeracionais no uso do galego poderían clarear esta cuestión.

Por outro lado, o patrón de distribución espacial das prácticas lingüísticas habituais da poboación non é homoxéneo. A poboación monolingüe en galego concéntrase basicamente en concellos rurais ou mariñeiros, e en moitas vilas. Sen embargo, nestas últimas —especialmente naquelas onde se deron dinámicas de desenvolvemento endógeno a partir dos anos 1980— o aumento do uso do castelán estase a acelerar nos últimos anos, o que as diferencia cada vez máis da súa contorna rural. De súa vez, a poboación bilingüe e castelanfalante monolingüe tende a concentrarse nas áreas e núcleos urbanos, isto é, nas partes máis desenvolvidas do país. Isto relaciónase, pois, coas análises sociolingüísticas nas que se constata que a poboación cun nivel sociocultural alto ou medio-alto tende a utilizar máis o castelán, mentres que o uso do galego segue a ser característico da poboación de nivel sociocultural baixo ou medio-baixo. Precisamente, é significativo a este respecto que o recente desenvolvemento de áreas tradicionalmente rurais e mariñeiras, o que significa unha mellora do nivel de vida da poboación, aínda implique un progresivo aumento do uso do castelán.

Visto isto e revisando as cartografías, é bo de ver que en Galiza cada comarca pasa nestes momentos por unha etapa ou fase diferente do proceso de difusión do castelán en función do seu desenvolvemento urbano. Estamos ante un claro *continuum* de difusión xeográfica. Así, mentres as áreas urbanas do Golfo Ártabro e das Rías Baixas se encontran nunha fase avanzada do proceso, moitas vilas, comarcas rurais desenvolvidas e certas zonas periurbanas coñecen a súa aceleración, o que contrasta coas zonas máis deprimidas ou estancadas onde o proceso non pasou aínda da fase

inicial. No que se refire ás zonas periurbanas, tamén novos censos lingüísticos deberían confirmar os efectos lingüísticos que nelas está a ter a chegada, masiva nalgúns casos, de poboación castelanfalante nova e urbana e a súa interacción cos galegofalantes habituais aínda maioritarios. Os datos lingüísticos referentes ao 1991 aínda só debuxan o inicio das consecuencias lingüísticas dunha periurbanización que se desenvolveu fortemente durante os dez anos seguintes en áreas urbanas como as de Santiago, Ourense ou A Coruña. Observamos, ademais, que a difusión do castelán xa atinxiu todos os niveis da xerarquía urbana do país.

Volvemos insistir aquí, por tanto, na necesidade de investigar e actuar nestas últimas e nas súas áreas rurais de influencia. Por outro lado, a distribución xeográfica heteroxénea das prácticas lingüísticas da poboación e a diversidade de situacións sociolingüísticas diferentes que a acompaña esixen unha planificación concreta para cada comarca. Ademais, se temos en conta que as dinámicas e políticas de desenvolvemento inciden na evolución do proceso de castelanización do país, cumpriría unha coordinación efectiva —hoxe practicamente inexistente— entre as planificacións de desenvolvemento comarcal ou local e as planificacións lingüísticas. O papel dos organismos comarcais recentemente creados podería ser fundamental a este respecto. Faise urxente, por tanto, que desde estes organismos locais e as institucións a nivel autonómico profunden nos vindeiros anos na análise das lóxicas da ecuación *desenvolvemento (urbano) = castelanización*, especialmente no que se refire ás implicación socioculturais das transformacións nas redes sociais tradicionais. Finalmente, e no cadro dun política lingüística conservacionista, todo isto debería levar non só a unha ampla revisión da actual política lingüística non intervencionista da administración galega, senón tamén a mudar o rumbo das políticas de desenvolvemento comarcal e de ordenación do territorio.

= **Bibliografía**

- ÁLVAREZ, C. (1989): “Variaçom lingüística e factor social na Galiza”, *Hispanic Linguistics* 2: 252-298.
- AMBROSE, J. e WILLIAMS, C.H. (1989): “Geolinguistic Representation”, *Discussion Papers in Geolinguistics* 15.
- ASHER, R.E. -ed.- (1994): *The Encyclopedia of Language and Linguistics*, Oxford / New York: Pergamon Press.
- BAILLY, A e BEGUIN, H. (1992): *Introducción a la geografía humana* (tradución de Bosque, P e Bosque, I.), Barcelona: Masson.
- BAILLY, A. —coord.— (1998): *Les concepts de la géographie humaine*, Paris : Armand Colin.
- BASTARDAS, A. (1996): *Ecología de les llengües*, Barcelona: Edicions Proa.
- BAVOUX, J.-J. —dir.— (1998) : *Introduction à l'analyse spatiale*, Paris : Armand Colin.

- BENCARDINO, F. e LANGELLA, V. (1992): *Lingua, Cultura, Territorio. Rapporti ed effetti geografici*, Bologna: Patron Editore.
- BOLTON, K. e KWOK, H. -eds.- (1992): *Sociolinguistics today. International Perspectives*, London: Routledge.
- BORTONI-RICARDO, S.M. (1985): *The urbanization of rural dialect speakers*, Cambridge: Cambridge University Press.
- BOUZADA, X.M. (1993): “O vínculo social nos contextos urbanos: unha cala na relación entre comunidade e cidade”, *Grial* 119: 353-365.
- BOUZADA, X.M. e LORENZO, A.M. (1997): *O futuro da lingua. Elementos sociolingüísticos para un achegamento prospectivo da lingua galega*, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- BRETON, R. (1979): *Geografía de las lenguas* (tradución de Bas, D. de), Barcelona: Oikos-Tau Ediciones.
- BRETON, R. (1990): “Indices numériques et représentations graphiques de la dynamique des langues”, en Laforge L. e McConnell G.D. (eds.): *Diffusion des langues et changement social*, pp. 211-230.
- BRETON, R. (1991): “Géographie du plurilinguisme”, en Coste D. e Hébrard J. (coords.): *Vers le plurilinguisme? École et politique linguistique*, pp. 20-32.
- BRETON, R. (1994): “L’approche géographique des langues d’Europe”, en Truchot C. (dir.): *Le plurilinguisme européen*, pp. 41-66.
- BURGUEÑO, J. (1997): “Geografía lingüística d’Espanya”, *Treballs de la Societat Catalana de Geografia* 43: 35-57.
- CALVET, L.-J. (1993): *Lingüística e colonialismo. Pequeno tratado de glotofaxia* (tradución de Fuentes, X.), Santiago de Compostela: Edicións Laiovento.
- CALVET, L.-J. (1995): *A guerra das linguas e as políticas lingüísticas* (tradución de Garrido, X.M.), Santiago de Compostela: Edicións Laiovento.
- CALVET, L.-J. (1996): *Les politiques linguistiques*, Paris : Presses Universitaires de France.
- CALVET, L.-J. (1998): *A (socio)lingüística* (tradución de Allegue, A.), Santiago de Compostela: Edicións Laiovento.
- CALLARY, R.E. (1971): “Dialectology and Linguistic Theory”, *American Speech*, 46:200-209.
- CAMPBELL, L. (1994): “Language Death”, en Asher, R.E. (ed.): *The Encyclopedia of Language and Linguistics*, vol. 4: 1960-1969.
- CASTELLANOS, C. e JOAN, B. (1993): *Llengua i variació*, Barcelona: Oikos-Tau.
- CHAMBERS, J.K. e TRUDGILL, P. (1994): *La dialectología* (tradución de Morán, C.), Madrid: Visor Libros.
- CLOKE, P., PHILO, C. e SADLER, D. (1991): *Approaching Human Geography. An Introduction to Contemporary Theoretical Debates*, London: Paul Chapman Publishing Ltd.
- CORBEIL, J.-C. (1990): “Commentaires”, en Laforge L. e McConnell G.D. (eds.): *Diffusion des langues et changement social*, pp. 91-96.
- COSERIU, E. (1977): *El hombre y su lenguaje. Estudios de teoría y metodología lingüística*, Madrid: Editorial Gredos.
- COSTE, D. e HÉBRARD, J. -coords.- (1991): *Vers le plurilinguisme? École et politique linguistique*, Paris: Hachette.
- COX, K.R. (1995): “Concepts of Space, Understanding in Human Geography, and Spatial Analysis”, *Urban Geography*, 16:304-326.
- CROSBIE, A.J. (1994), “Geography and Language”, in Ascher (ed), *The Encyclopedia of Language and Linguistics*, vol. 3: 1411-1417, Oxford / New York: Pergamon Press.
- CRYSTAL, D. (2000): *Language Death*, Cambridge: Cambridge University Press.
- DELGADO, C. (1995): *Las pequeñas y medianas capitales en el proceso de modernización del sistema urbano español*, Las Palmas de Gran Canaria: Universidad de las Palmas.
- DOLLFUS, O. (1982): *El espacio geográfico* (tradución de Bas, D. de), Barcelona: Oikos-Tau Ediciones.
- FERNÁNDEZ, M.A. (1991): “Coordenadas sociais e dinámica do bilingüismo galego”, *Grial* 110:239-262.

- FERNÁNDEZ, M.A. (no prelo): "O uso do galego nos espacios urbanos", *Actas do I Congreso Internacional "A Lingua Galega: Historia e Actualidade"*, Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega.
- FERNÁNDEZ, M.A. e RODRÍGUEZ, M.A. -coords.- (1994): *Lingua inicial e competencia lingüística en Galicia*, A Coruña: Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega.
- FERNÁNDEZ, M.A. e RODRÍGUEZ, M.A. -coords.- (1995): *Usos lingüísticos en Galicia*, A Coruña: Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega.
- FERNÁNDEZ, M.A. e RODRÍGUEZ, M.A. -coords.- (1996): *Actitudes lingüísticas en Galicia*, A Coruña: Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega.
- FERNÁNDEZ PÉREZ, M. (1986): "Las disciplinas lingüísticas", *Verba* 13: 15-73.
- GARCÍA, C. (1985): *Temas de Lingüística Galega*, A Coruña: La Voz de Galicia.
- GIORDAN, H. -dir.- (1992): *Les minorités en Europe. Droits linguistiques et droits de l'homme*, Paris: Éditions Kimé.
- GOUHIER, J. (1985): "La périphérie urbaine; espace de rejet, espace de projet: l'exemple du Mans", *Actes du Colloque d'Angers "Les Périphéries Urbaines"*, pp. 157-164, Caen: Centre de Publications de l'Université de Caen.
- GRASSI, C. (1976a): "Sociolinguistica "versus" geolinguistica?", *Atti del XIV° Congresso di Linguistica e Filologia Romanze*, vol. 1: 185-192, Napoli: Gaetano Macchiaroli Lib. Ed.
- GRASSI, C. (1976b): "Dialectologie et aménagement du territoire", *Actes du XIII^e Congrès de Linguistique et Philologie Romanes*, vol. 2: 391-197, Québec: Université de Laval.
- GRASSI C., 1981, "Il concetto di spazio e la geografia linguistica", in SCHLIEBEN-LANGE B. (ed), *Logos Semantikos (Studia linguistica in honorem Eugenio Coseriu)*, 5, Madrid, Gredos, p.59-69.
- GRASSI, C. e TELMON, T. (1979): *Teoria del dialetto: dialetto e spazio, dialetto e tempo. Corso di dialettologia italiana*, Torino: G. Giappichelli.
- HERMIDA, C. (1990): "Contribución á caracterización sociolingüística da segunda metade do século XIX", *Cadernos de Lingua* 1: 57-78.
- HERNÁNDEZ, J. (1990): *Tres millóns de galegos*, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago.
- HERNÁNDEZ, J. (1996): "El envejecimiento demográfico de Galicia" en *Estudios en homenaxe ó Prof. Dr. Carlos Alonso del Real*, vol. 2: 809-828, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago.
- HERNÁNDEZ CAMPOY, J.M. (1999): *Geolingüística. Modelos de interpretación geográfica para lingüistas*, Murcia: Universidad de Murcia.
- IMBRIGHI, G. (1968): *Problemi di geografia del linguaggio*, L'Aquila: L.U. Japore Editore.
- I.G.E. (1992a): *Censo de Poboación e Vivendas 1991. Pontevedra*, Santiago de Compostela: Instituto Galego de Estatística.
- I.G.E. (1992b): *Censo de Poboación e Vivendas 1991. Coñecemento e uso do idioma. Pontevedra*, Santiago de Compostela: Instituto Galego de Estatística.
- JACKSON, P. (1989): *Maps of meaning*, London: Unwin Hyman.
- JAILLET, M.C. (1985): "Quelques paradoxes péri-urbains", *Actes du Colloque d'Angers "Les Périphéries Urbaines"*, pp. 263-265, Caen: Centre de Publications de l'Université de Caen.
- JUEGA, J., PEÑA, A., e SOTELO, E. (1995): *Pontevedra, villa amurallada*, Vigo: Deputación de Pontevedra.
- KEANE, M.J., GRIFFITH, B. e DUNN, J.W. (1993): "Regional development and language maintenance", *Environment and Planning* 25: 399-408.
- KHUBCHANDANI, L.M. (1995): "Linguistic Censuses around the World", *Actes del simposi de demolingüística. III Trobada de sociolingüistes catalans*, pp. 109-118, Barcelona: Generalitat de Catalunya.
- KNOX, P. (1982): *Urban Social Geography. An introduction*, New York: Longman.
- LABRIE, N. (1992): "L'analyse de l'aménagement linguistique", en Giordan H. (dir.): *Les minorités en Europe. Droits linguistiques et droits de l'homme*, pp. 63-77.
- LAFORGE, L. e McCONNELL, G.D. -eds.- (1990): *Diffusion des langues et changement social*, Sainte-Foy: Les Presses de l'Université de Laval.
- LANGLOIS, A. e BLAIS, R. (1991): "L'espace comme élément stratégique: l'importance de la repartition géographique des francophones de l'Ontario", *Études Canadiennes* 30: 13-34.

- LAPONCE, J.A. (1984) : *Langue et territoire*, Québec : Presses de l'Université de Laval.
- LECLERC, J. (1986) : *Langue et société*, Laval : Mondia Éditeurs.
- LOIS, R.C. (1993): "Problemas para a delimitación dos espacios urbanos e rurais", *Concepcións espaciais e estratexias territoriais na historia de Galicia*, pp. 201-221, Asociación Galega de Historiadores, Santiago de Compostela.
- LOIS, R.C. (1996): "As transformacións socioeconómicas e espaciais recentes nas antigas comunidades campesiñas", en *Estudios en homenaxe ó Prof. Dr. Carlos Alonso del Real*, vol. 2: 763-789, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago.
- LOIS, R.C. e TORRES, M^a P. de (1995): "Las periferias urbanas de Galicia", *Anales de Geografía de la Universidad Complutense* 15: 435-444.
- SAN ROMÁN, J.M. (2000): "La automatización de las centrales hidroeléctricas en las cuencas del Sil y su afluente el Bibei: los cambios en el empleo y el abandono de los poblados. Ourense y Lugo" en Lozano J. (coord.): *Nuevas tecnologías, trabajo y localización industrial*, pp. 141-153, Granada: AGE/Universidad de Granada.
- LUNDÉN, T. (1979): "Language minorities in a world of communications", en Mackey, W.F. e Ornstein, J. (eds.): *Sociolinguistic Studies in Language Contact. Methods and Cases*, pp. 11-22.
- MACKEY, W.F. (1973): *Three concepts for geolinguistics*, Québec: Centre international de recherches sur le bilinguisme.
- MACKEY, W.F. (1979): "Toward an ecology of language contact", en Mackey, W.F. e Ornstein, J. (eds.): *Sociolinguistic Studies in Language Contact. Methods and Cases*, pp. 453-460.
- MACKEY, W.F. (1988): "Geolinguistics: Its scope and principles", en Williams (ed.): *Language in Geographic Context*, pp. 20-44.
- MACKEY, W.F. (1990): "Données et mesure de la dynamique de diffusion des langues: quelques hypothèses", en Laforge L. e McConnell G.D. (eds.): *Diffusion des langues et changement social*, pp. 23-39.
- MACKEY, W.F. e CARTWRIGHT, D.G. (1979): "Geocoding language from census data", en Mackey, W.F. e Ornstein, J. (eds.): *Sociolinguistic Studies in Language Contact. Methods and Cases*, pp. 69-96.
- MACKEY, W.F. e ORNSTEIN, J. -eds.- (1979): *Sociolinguistic Studies in Language Contact. Methods and Cases*, The Hague/Paris/New York: Mouton.
- MALKIEL, Y. (1984): "Revisionist dialectology and mainstream linguistics", *Language in society* 13: 29-66.
- MARSTON, S. (1989): "Ante el desafío postmoderno. La importancia del lenguaje para una geografía humana reconstruida", *Boletín de la Asociación de Geógrafos Españoles* 9: 49-61.
- MARIÑO, R. (1998): *Historia da lingua galega*, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.
- MASSEY, D. (1994): *Space, place and gender*, Cambridge: Polity Press.
- McCONNEL, G.D. (1990a): "La diffusion des langues comme phénomène et concept (thème du colloque)", en Laforge L. e McConnell G.D. (eds.): *Diffusion des langues et changement social*, pp. 9-15.
- McCONNELL, G.D. (1990b): "Three Theoretical Concepts for the Measurement of Language Spread", en Laforge L. e McConnell G.D. (eds.): *Diffusion des langues et changement social*, pp. 267-282.
- McCONNELL, G.D. (1991): *A Macro-Sociolinguistic Analysis of Language Vitality. Geolinguistic Profiles and Scenarios of Language Contact in India*, Sainte-Foy: Les Presses Universitaires de l'Université de Laval.
- MILROY, L. (1980): *Language and Social Networks*, Oxford: Basil Blackwell.
- MILROY, L. (1982): "Social network and linguistic focusing", en Romaine, S. (ed.): *Sociolinguistic Variation in Speech Communities*, pp. 141-152.
- MILROY, L. (1994): "Social Networks", en Asher, R.E. (ed.): *The Encyclopedia of Language and Linguistics*, vol. 7: 3986-3990.
- MILROY, L. e MARGRAIN, S. (1980): "Vernacular language loyalty and social network", *Language in Society* 9: 43-70.
- MONTEAGUDO, H. (1999): *Historia social da lingua galega*, Vigo: Galaxia.

- MONTEAGUDO, H. e SANTAMARINA, A. (1993): "Galician and Castilian in contact: historical, social and linguistic aspects", en Posner R. e Green J.R. (ed.): *Trends in Romance Linguistics and Philology. Volume 5: Bilingualism and Linguistic Conflict in Romance*, pp. 117-173.
- MONTES, J.J. (1970): *Dialectología y geografía lingüística*, Bogotá: Instituto Caro y Cuervo.
- MONTES, J.J. (1987): *Dialectología general e hispanoamericana*, Bogotá: Instituto Caro y Cuervo.
- MOULTON, W.G. (1972): "Geographical linguistics", en Sebeok T.A. (ed): *Current Trends in Linguistics. Volume 9: Linguistics in Western Europe*, p.196-222, The Hague / Paris: Mouton.
- MURCIA, E. (1995): *La geografía en el sistema de las ciencias*, Oviedo: Universidad de Oviedo.
- NINYOLES, R.L. (1991): *Estructura social e política lingüística* (traducción de García, X.), Vigo: Ir Indo Edicións.
- O'CONNOR, M.S., KEANE M. e CAWLEY M. (1985): "Industrialization and Linguistic Change among Gaelic-Speaking Communities in the West of Ireland", *Linguistic Problems and Language Planning* 9: 3-15.
- O'FLANAGAN, P. (1996): *Xeografía histórica de Galicia*, Vigo: Edicións Xerais.
- PATTANAYAK, D.P. (1994): "Language Conflict", en Asher, R.E. (ed.): *The Encyclopedia of Language and Linguistics*, vol. 4: 1957-1960.
- PAZO, A. J. (1994): *La trama de los asentamientos rurales en las rías bajas gallegas*, Pontevedra: Deputación de Pontevedra.
- PAZO, A.J. e SANTOS SOLLA, X.M. (1995): *Poboación e territorio. As parroquias galegas nos últimos cen anos*, Santiago de Compostela: Difux.
- PAZO, A.J. e SANTOS SOLLA, X.M. (no prelo): *Pontevedra: Xeografía Social dun espacio urbano*, Pontevedra: Deputación de Pontevedra.
- PEI, M. (1970): *Invitación a la lingüística* (trad. de Blanco, F.), México D.F.: Ed. Diana
- PÉREZ, M^a L. (1985): *La ciudad de Pontevedra. Evolución histórica y demográfica*, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago.
- PORTAS, M. (1997): *Língua e sociedade na Galiza*, A Coruña: Bahía Edicións.
- POSNER, R. e GREEN, J.N. -eds.- (1993): *Trends in Romance Linguistics and Philology. Volume 5: Bilingualism and Linguistic Conflict in Romance*, Berlin / New York / Amsterdam: Mouton de Gruyter.
- PRECEDO, A. (1987): *Galicia: estructura del territorio y organización comarcal*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- PRECEDO, A. (1994): *Desenvolvemento territorial e planificación comarcal*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- PRECEDO, A. (1998): *Geografía humana de Galicia*, Barcelona: Oikos-Tau.
- PRECEDO, A. e VÁZQUEZ, A. -eds.- (1993): *Desarrollo local y comarcalización*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- PRESTON, D.R. (1989): *Perceptual Dialectology. Nonlinguists' Views of Areal Linguistics*, Dordrecht / Providence: Foris.
- PRYCE, W.T.R. e WILLIAMS, C.H. (1988): "Sources and Methods in the Study of Language Areas: A Case Study of Wales", en Williams, C.H. (ed.): *Language in Geographic Context*, pp. 167-237.
- PUEYO, M. (1991): *Llengües en contacte en la comunitat lingüística catalana*, València: Universitat de València.
- RODRÍGUEZ, R. (1997): *La urbanización del espacio rural en Galicia*, Barcelona: Oikos-Tau.
- RODRÍGUEZ, R. (1999): *De aldeas a ciudades*, Vigo: Ir Indo.
- ROMAINE, S. -ed.- (1982): *Sociolinguistic Variation in Speech Communities*, London: Edward Arnold.
- ROTAETXE, K. (1988): *Sociolingüística*, Madrid: Editorial Síntesis.
- RUFFINO, G. -ed.- (1991): *Dialettologia urbana e analisi geolinguistica (Tavola rotonda)*, Palermo: Centro di Studi Filologici e Linguistici Siciliani.
- RUSU, V. (1976): "Géographie linguistique et sociolinguistique", *Atti del XIV^o Congresso di Linguistica e Filologia Romanze*, vol. 2: 265-270, Napoli: Gaetano Macchiaroli Lib. Ed.
- RUSU, V. (1985): *Dialettologia generale*, Bologna: Zanichelli.
- SÁNCHEZ, J.-E. (1991): *Espacio, economía y sociedad*, Madrid: Siglo Veintiuno de España Editores.

- SANTOS, M. (1996): *De la totalidad al lugar* (traducción de Silveira, M.L.), Barcelona: Oikos-Tau.
- SANTOS SOLLA, X.M. (no prelo): “O papel da xeografía na planificación lingüística”, *Actas do I Congreso Internacional “A Lingua Galega: Historia e Actualidade”*, Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega.
- SCHEIBLING, J. (1994): *Qu’est-ce que la géographie?*, Paris: Hachette.
- SEBEOK, T.A. -ed- (1972): *Current Trends in Linguistics. Volume 9: Linguistics in Western Europe*, The Hague / Paris: Mouton.
- SERONDE-BARBOU, A.N. (1985): “Sources et méthodes dans la détermination de l’espace péri-urbain”, *Actes du Colloque d’Angers “Les Périphéries urbaines”*, pp. 29-32, Caen: Centre de Publications de l’Université de Caen.
- SOLÉ, J. (1992): *Iniciació a la sociolingüística*, Barcelona: Barcanova.
- SOUTO, X.M. (1988): *Xeografía Humana*, Vigo: Edicións Galaxia.
- SOUZA, A.J. de (1990)²: *Geografia lingüística. Dominação e liberdade*, São Paulo: Contexto.
- THEBAN, L. (1968): “Géographie linguistique, typologie et sociolinguistique”, *Revue Roumaine de Linguistique* 12: 659-663.
- THUN, H. (1998): « La geolingüística como lingüística variacional general (con exemplos del *Atlas diatópico y diastrático del Uruguay*) », en *Atti del XXI Congresso Internazionale di Linguistica e Filologia Romanza*, vol. 5: 701-729, Tübingen: Max Niemeyer Verlag.
- THUN, H. (2000): “L a géographie linguistique romane à la fin du XX^e siècle », *Actes du XXII^e Congrès International de Linguistique et Philologie Romanes*, vol. 3 : 367-388, Tübingen: Max Niemeyer Verlag.
- TORRES, M^a P. de, PAZO, A.J. e SANTOS SOLLA, X.M. (1992): *Galicia, rexión de contrastes xeográficos*, Santiago de Compostela: Edicións El Correo Gallego.
- TORRES, M^a P. de e LOIS, R.C. (1995): “Claves para la interpretación del mundo urbano gallego”, *Anales de Geografía de la Universidad Complutense* 15: 731-740.
- TRUCHOT, C. -dir.- (1994): *Le plurilinguisme européen*, Paris: Champion.
- TRUDGILL, P. (1974a): “Linguistic change and diffusion: description and explanation in sociolinguistic dialect geography”, *Language in Society* 3: 215-246.
- TRUDGILL, P. (1974b)⁴: *Sociolinguistics. An Introduction to Language and Society*, London: Penguin Books.
- TRUDGILL, P. (1975): “Linguistic geography and geographical linguistics”, *Progress in Human Geography*, 7: 227-252.
- TRUDGILL, P. (1983): *On Dialect. Social and Geographical Perspectives*, Oxford: Basil Blackwell.
- TRUDGILL, P. (1992): “Dialect contact, dialectology and sociolinguistics”, en Bolton, K. e Kwok, H. (eds.): *Sociolinguistics Today. International Perspectives*, pp. 71-79.
- TRUDGILL, P. (1994): *Dialects*, London: Routledge.
- TUAN, Y.F. (1991): “Language and the making of place: A narrative-descriptive approach”, *Annals of the Association of American Geographers* 81: 684-695.
- VALCÁRCEL, C. (1997): *Do rural ó urbano: tentativa dunha análise xeolingüística do concello de Pontevedra*, Tese de Licenciatura (inérita), Universidade de Santiago de Compostela.
- VALCÁRCEL, C. (2000a): “Xeolingüística e reestruturacións espaciais na era posmoderna: entre o global e o local” en Rodríguez, J.L. (ed.): *Estudos dedicados a Ricardo Carvalho Calero. Tomo I*, pp. 963-988, Santiago de Compostela: Parlamento de Galicia / Universidade de Santiago de Compostela.
- VALCÁRCEL, C. (2000b): “Da dialectoloxía á xeolingüística: a evolución do concepto de espacio lingüístico”, *Actes du XXII^e Congrès International de Linguistique et Philologie Romanes*, vol 3: 389-398, Tübingen: Max Niemeyer Verlag.
- VALCÁRCEL, C. (no prelo): “Lingua e espacio urbano”, en Pazo, A.J. e Santos Solla, X.M. (coords.): *Pontevedra: Xeografía Social dun espacio urbano*, Pontevedra: Deputación de Pontevedra.
- VAN DER MERWE, I.J. (1993) “A Conceptual Home for Geolinguistics: Implications for Language Mapping in South Africa”, *Discussion Papers in Geolinguistics*, 19-21: 21-33.
- VAN DER MERWE, I.J. (1996): “Geolinguistics of european minority groups in Cape Town”, *Tijdschrift voor Economische en Sociale Geografie* 87: 146-160.

- VARIOS (1995): "Os estudios demolingüísticos en Galicia: o mapa sociolingüístico de Galicia", *Actes del simposi de demolingüística. III Trobada de sociolingüistes catalans*, pp. 126-134, Barcelona: Generalitat de Catalunya.
- VÀRVARO, A. (1988): *Historia, problemas y métodos de la lingüística románica*, Barcelona: Sirmio.
- VENY, J. (1986): *Introducció a la dialectologia catalana*, Barcelona: Enciclopèdia Catalana.
- VIAPLANA, J. (1996): *Dialectologia*, València: Universitat de València.
- VILADOT, M.A. (1995): "Les dades demogràfiques en el concepte de vitalitat lingüística", *Actes del simposi de demolingüística. III Trobada de sociolingüistes catalans*, pp. 20-33, Barcelona: Generalitat de Catalunya.
- VILAGRASA, J. (1992): "Conceptos clave y filosofía de la ciencia en geografía", *Anales de Geografía de la Universidad Complutense*, 11:49-77.
- WAGNER, P.L. (1987): "The geographical significance of language", *Geolinguistic Perspectives: Proceedings of the International Conference Celebrating the Twentieth Anniversary of the American Society of Geolinguistics*, pp. 51-61, Lanham (Maryland): University Press of America.
- WARDHAUGH, R. (1992): *Introducción a sociolingüística* (traducción de Cal, M.), Santiago de Compostela: Universidade de Santiago.
- WESSELS, C. e MANSVELT, J. (1993): "Llengua i aïllament a Catalunya", *Revista Catalana de Geografia* 21: 27-35.
- WESSELS, C. e MANSVELT, J. (1994): "Accessibility and language characteristics in Catalonia", *Tijdschrift voor Economische en Sociale Geografie* 85: 130-140.
- WILLIAMS, C.H. (1984): "On Measurement and Application in Geolinguistics", *Discussion Papers in Geolinguistics*, 8.
- WILLIAMS, C.H. (1988): "An Introduction to Geolinguistics", en Williams, C.H. (ed.): *Language in Geographic Context*, pp. 1-19.
- WILLIAMS, C.H. -ed.- (1988): *Language in Geographic Context*, Clevedon: Multilingual Matters Ltd.
- WILLIAMS, C.H. (1990): "Language Spread in the British Isles: Agencies and Effects", en Laforge L. e McConnell G.D. (eds.): *Diffusion des langues et changement social*, pp. 231-254.
- WILLIAMS, C.H. (1991a): "Language Planning, Marginality and Regional Development in the Gaeltacht", *Discussion Papers in Geolinguistics* 10.
- WILLIAMS, C.H. -ed.- (1991b): *Linguistic Minorities, Society and Territory*, Clevedon: Multilingual Matters Ltd.
- WILLIAMS, C.H. e AMBROSE, J.E. (1988): "On Measuring Language Border Areas", en Williams, C.H. (ed.): *Language in Geographic Context*, pp. 93-135.
- WILLIAMS, C.H. e AMBROSE, J.E. (1993): "Geolinguistic developments and cartographic problems", *Discussion Papers in Geolinguistics*, 19-21:5-20.
- WILLIAMS, C.H. e VAN DER MERWE, I.Z. (1996): "Mapping the Multilingual City: A Research Agenda for Urban Geolinguistics", *Journal of Multilingual and Multicultural Development* 17:49-66.
- ZELINSKY, W. e WILLIAMS, C.H. (1988): "The mapping of language in North America and the British Isles", *Progress in Human Geography* 12: 337-368.

DOCUMENTOS DE TRABAJO YA PUBLICADOS

ÁREA DE ANÁLISE ECONÓMICA:

1. *Experimentación y estructura de mercado en la relación de licencia de patentes no drásticas. El caso de información simétrica.* (Manuel Antelo Suárez).
2. *Experimentación y estructura de mercado en la relación de licencia de patentes no drásticas. El caso de información asimétrica.* (Manuel Antelo Suárez).
3. *Modelos empíricos de oligopolio: una revisión.* (María Consuelo Pazó Martínez).
4. *El Análisis económico de los procesos de urbanización.* (Olga Alonso Villar).
5. *Optimal Tariffs When Production is fixed.* (José Méndez Naya; Luciano Méndez Naya).
6. *Reglas de clasificación discriminante: aplicación a la vivienda.* (Raquel Arévalo Tomé).
7. *Estructura demográfica y sistemas de pensiones. Un análisis de equilibrio general aplicado a la economía española.* (María Montero Muñoz).
8. *Spatial distribution of production and education.* (Olga Alonso-Villar).
9. *Diferencias salariales y comportamiento no competitivo en el mercado de trabajo en la industria española.* (Víctor Manuel Montuenga, Andrés E. Romeu Santana, Melchor Fernández Fernández).
10. *GPs' Payment Contracts and their Referral Policy.* (Begoña García Mariñoso e Izabela Jelovac).
11. *Una nueva matriz de contabilidad social para España: la SAM-90.* (Melchor Fernández e Clemente Polo).
12. *Money and Business Cycle in a Small Open Economy.* (Eduardo L. Giménez e José María Martín-Moreno).
13. *Endogenous Growth With Technological Change: A Model Based On R&D Expenditure.* (M^a Jesús Freire-Serén).
14. *Productive Public Spending in a Balassa-Samuelson Model of Dual Inflation.* (Jóse María Martín-Moreno e Jorge Blázquez).
15. *Efficient Allocation of Land between Productive Use and Recreational Use.* (Eduardo L. Giménez, Manuel González Gómez).
16. *Funcional Forms, Sampling Considerations and Estimation of Demand for Protected Natural Areas: The Cíes Islands Case Study in Galicia (Spain).* (Manuel González Gómez, Philippe Polomé e Albino Prada Blanco).
17. *Innovación e Comercio: Estimación dun Modelo Dinámico de Datos de Panel con Coeficientes Heteroxéneos.* (Xulia Guntín Araujo).
18. *Disparidades regionales en la tasa de paro: el papel del mecanismo de determinación salarial.* (Roberto Bande e Melchor Fernández, Víctor M. Montuenga).

ÁREA DE ECONOMÍA APLICADA:

1. *Economía de Mercado e Autoxestión: Sociedades Anónimas Laborais do Sector Industrial en Galicia.* (Xosé Henrique Vázquez Vicente).
2. *Fecundidade e Actividade en Galicia, 1970-1993.* (Xoaquín Fernández Leiceaga).
3. *La reforma de la financiación autonómica y su incidencia en Galicia.* (Xoaquín Álvarez Corbacho).
4. *A industria conserveira: Análise económica dunha industria estratéxica en Galicia. 1996.* (José Ramón García González).
5. *A contabilización física dos fluxos de enerxía e materiais.* (Xoan Ramón Doldán García).
6. *Indicadores económico-financeiros estratificados do sector industrial conserveiro en Galicia. 1993-1996.* (José Ramón García González).
7. *A desigualdade relativa na distribución persoal da renda en Galicia. Análise cuantitativa a partir dos datos da EPF 90/91.* (Ángela Troitiño Cobas).
8. *O benestar-renda en Galicia. Análise cuantitativa a partir dos datos da EPF 90/91.* (Ángela Troitiño Cobas).
9. *El fraccionamiento del periodo impositivo en el IRPF Español y la decisión temporal de casarse.* (Jaime Alonso, Xose C. Álvarez, Xose M. González e Daniel Miles).

ÁREA DE HISTORIA:

1. *Aproximación ao crédito na Galiza do S. XIX. Os casos da terra de Santiago e da Ulla.* (Francisco Xabier Meilán Arroyo).
2. *Aspectos do comercio contemporáneo entre España e Portugal.* (Carmen Espido Bello).
3. *Pensamento económico e agrarismo na primeira metade do século XX.* (Miguel Cabo Villaverde).
4. *Civilizar o corpo e modernizar a vida: ximnasia, sport e mentalidade burguesa na fin dun século. Galicia 1875-1900.* (Andrés Domínguez Almansa).
5. *Las élites parlamentarias de Galicia (1977-1996).* (Guillermo Márquez Cruz).
6. *Perfil do propietario innovador na Galicia do século XIX. Historia dun desencontro.* (Xosé R. Veiga Alonso).
7. *Os atrancos do sector pecuario galego no contexto da construción do mercado interior español, 1900-1921.* (Antonio Bernárdez Sobreira).
8. *Los estudios electorales en Galicia: Una revisión bibliográfica (1876-1997).* (Ignacio Lago Peñas).
9. *Control social y proyectos políticos en una sociedad rural.* Carballo, 1880-1936. (Silvia Riego Rama).
10. *As Primeiras Eleccións do Estatuto Real na Provincia de Lugo.* (Prudencio Vivero Mogo).
11. *Galicia nos tempos de medo e fame: autarquía, sociedade e mercado negro no primeiro franquismo, 1936-1959.* (Raúl Soutelo Vázquez).
12. *Organización e mobilización dos traballadores durante o franquismo. A folga xeral de Vigo do ano 1972.* (Mario Domínguez Cabaleiro, José Gómez Alén, Pedro Lago Peñas, Víctor Santidrián Arias).

ÁREA DE XEOGRAFÍA:

1. *A industria da lousa.* (Xosé Antón Rodríguez González; Xosé M^a San Román Rodríguez).
2. *O avellentamento demográfico en Galicia e as súas consecuencias.* (Jesús M. González Pérez; José Somoza Medina).
3. *Estructura urbana da cidade da Coruña, os barrios residenciais: o espacio obxectivo e a súa visión a través da prensa diaria.* (M^a José Piñeira Mantiñán; Luis Alfonso Escudero Gómez).
4. *As vilas e a organización do espacio en Galicia.* (Román Rodríguez González).
5. *O comercio nas cabeceiras do interior de Galicia.* (Alejandro López González).
6. *A mortalidade infantil no noroeste portugués nos finais do século XX.* (Paula Cristina Almeida Remoaldo).
7. *O casco histórico de Santiago de Compostela, características demográficas e morfolóxicas.* (José Antonio Aldrey Vázquez; José Formigo Couceiro).
8. *Mobilidade e planificación urbana en Santiago de Compostela: cara a un sistema de transportes sustentable.* (Miguel Pazos Otón).
9. *A produción de espacio turístico e de ocio na marxe norte da ría de Pontevedra.* (Carlos Alberto Patiño Romarís).
10. *Desenvolvemento urbano e difusión xeolinguística: algúns apuntamentos sobre o caso galego.* (Carlos Valcárcel Riveiro).

ÁREA DE XESTIÓN DA INFORMACIÓN

1. *Estudio Comparativo das Bases de Datos: Science Citation Index, Biological Abstracts, Current contents, Life Science, Medline.* (Margarida Andrade García; Ana María Andrade García; Begoña Domínguez Dovalo).
2. *Análise de satisfacción de usuarios cos servizos bibliotecarios da Universidade na Facultade de Filosofía e CC. da Educación de Santiago.* (Ana Menéndez Rodríguez; Olga Otero Tovar; José Vázquez Montero).

❖ *Tódolos exemplares están dispoñibles na biblioteca do IDEGA, así como na páxina WEB do Instituto (<http://www.usc.es/idega/>)*

NORMAS PARA A REMISIÓN DE ORIXINAIS:

Deberán ser remitidos tres exemplares do traballo e unha copia en diskette ao Director do IDEGA: Avda. das ciencias s/nº. Campus Universitario Sur. 15706 Santiago de Compostela, cumprindo coas seguintes normas:

1. A primeira páxina deberá incluír o título, o/s nome/s, enderezo/s, teléfono/s, correo electrónico e institución/s ás que pertence o/s autor/es, un índice, 5 palabras chave ou descriptors, así como dous resumos dun máximo de 200-250 palabras: un na lingua na que estea escrita o traballo e outro en inglés.
2. O texto estará en interlineado 1,5 con marxes mínimas de tres centímetros, e cunha extensión máxima de cincuenta folios incluídas as notas e a bibliografía.
3. A bibliografía se presentará alfabeticamente ao final do texto seguindo o modelo: Apelidos e iniciais do autor en maiúsculas, ano de publicación entre paréntese e distinguindo a, b, c, en caso de máis dunha obra do mesmo autor no mesmo ano. Título en cursiva. Os títulos de artigo irán entre aspás e os nomes das revistas en cursiva. lugar de publicación e editorial (en caso de libro), e, en caso de revista, volume e nº de revista seguido das páxinas inicial e final unidas por un guión.
4. As referencias bibliográficas no texto e nas notas ao pé seguirán os modelos habituais nas diferentes especialidades científicas.
5. O soporte informático empregado deberá ser Word(Office 97) para Windows 9x, Excell ou Acces.
6. A dirección do IDEGA acusará recibo dos orixinais e resolverá sobre a súa publicación nun prazo prudencial. Terán preferencia os traballos presentados ás Sesións Científicas do Instituto.

O IDEGA someterá tódolos traballos recibidos a avaliación. Serán criterios de selección o nivel científico e a contribución dos mesmos á análise da realidade socio-económica galega.